

**DEPARTAMENTO DE FRANCÉS**

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

**CURSO ACADÉMICO 2022-23**

**IES SÁNCHEZ CANTÓN PONTEVEDRA**

# ÍNDICE XERAL

<b>I. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE FRANCÉS</b>	<b>3</b>
<b>II. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA ESO</b>	<b>4</b>
<b>III. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA BACHARELATO</b>	<b>185</b>

## I. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

O profesorado que impartirá a materia de Francés Segunda Lingua Estranxeira será o seguinte:

Profesorado con destino definitivo no centro: Mar Villaverde Lamas (xefa de departamento) e Marta Basante Alonso.

Profesorado provisional: María Conde Rodríguez

Contaremos ademáis coa presenza da auxiliar de conversa Marine Écharoux, que desenvolverá o seu contrato entre o 1 de outubro e o 31 de maio cun horario de 12 horas semanais.

cursos	grupos	horas	profesorado
1ºESO	4	8	María Conde: 2 grupos (2h) = 4 horas Mar Villaverde: 2 grupos (2h) = 4 horas
2ºESO	4	8	María Conde: 2 grupos (2 h) = 4 horas Mar Villaverde: 2 grupos (2h) = 4 horas
3ºESO	2	6	María Conde: 1 grupo (3h) = 3 horas Mar Villaverde: 1 grupo (3h) = 3 horas
4ºESO	2	6	María Conde: 1 grupo (3 h) = 3 horas Mar Villaverde: 1 grupo (3h) = 3 horas
1ºBac	1	4	Marta Basante: 1 grupo (4h)= 4 horas
2º Bac	1	3	Mar Villaverde: 1 grupos (3h) = 3 horas
3º ESO CGTD	1	3	Marta Basante: 1 grupo ( 3h)= 3 horas
4º ESO CGTD	1	3	Marta Basante: 1 grupo ( 3h)= 3 horas

## II

**DEPARTAMENTO DE FRANCÉS**

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA ESO**

**CURSO ACADÉMICO 2022-23**

**IES SÁNCHEZ CANTÓN PONTEVEDRA**

## ÍNDICE

<b>1</b>	<b>INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN</b>	<b>6</b>
<b>2</b>	<b>CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE</b>	<b>13</b>
<b>3</b>	<b>OBXECTIVOS. OBXECTIVOS XERAIS. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS: 2º ESO, 4º ESO</b>	<b>17</b>
<b>4</b>	<b>CONTIDOS. TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS: 2º ESO, 4º ESO.</b>	<b>22</b>
<b>5</b>	<b>CONCRECIÓN PARA CADA ESTANDAR DE APRENDIZAXE DE TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>33</b>
<b>5.1.</b>	<b>2º ESO</b>	<b>34</b>
	a. Temporalización	
	b. Grao mínimo de consecución para superar a materia	
	c. Procedementos e instrumentos de avaliación	
<b>5.2.</b>	<b>4º ESO</b>	<b>92</b>
	a. Temporalización	
	b. Grao mínimo de consecución para superar a materia	
	c. Procedementos e instrumentos de avaliación	
<b>6.</b>	<b>CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA</b>	<b>159</b>
<b>7.</b>	<b>MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	<b>159</b>
<b>8.</b>	<b>CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO</b>	<b>160</b>
<b>9.</b>	<b>INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE</b>	<b>170</b>
<b>10.</b>	<b>ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE</b>	<b>171</b>
<b>11.</b>	<b>DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS</b>	<b>175</b>
<b>12.</b>	<b>MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b>	<b>177</b>
<b>13.</b>	<b>CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO</b>	<b>178</b>
<b>14.</b>	<b>ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES</b>	<b>180</b>
<b>15.</b>	<b>MECANISMOS DE REVISIÓN. AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA</b>	<b>180</b>

## **1. Introducción e contextualización.**

*O papel heurístico das linguas constitúe un reto para o sistema educativo, pois son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. E as linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.*

*A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo; como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento.*

*Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, e tamén sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.*

*O Consello de Europa, a través de sucesivos proxectos, está comprometido nunha política lingüística dirixida a protexer e desenvolver a herdanza lingüística e a diversidade cultural de Europa como fonte de enriquecemento mutuo, así como a facilitar a mobilidade persoal dos seus cidadáns e das súas cidadás, e o intercambio de ideas. O Marco Común Europeo de Referencia para as linguas (MCER), publicado en 2001, é un documento de particular transcendencia non só como ferramenta práctica para propiciar a reflexión sobre o ensino das linguas e a transparencia de cursos, programas e titulacións entre os Estados e dentro deles, senón tamén polo recoñecemento da competencia plurilingüe e intercultural, que transcende o concepto de multilingüismo, no seu día piar dos enfoques das políticas lingüísticas máis abertas ao recoñecemento da diversidade. Hoxe, o MCER constitúe unha referencia para proxectos e documentos clave do Consello de Europa, como a "Guía para a elaboración e posta en marcha de currículos para unha educación plurilingüe e intercultural" (2010), na que se desenvolve a noción de plurilingüismo como eixe dun enfoque centrado na rede de relacións entre distintas linguas e culturas. Nesta mesma liña, enmárcanse o informe do Foro Intergubernamental Europeo titulado "O dereito*

*dos estudantes á calidade e á equidade en educación. O papel das compeencias lingüísticas e interculturais", mantido en Xenebra en novembro 2010, e a Conferencia Intergubernamental "Calidade e inclusión en educación: o papel único das linguas", mantida en Estrasburgo en setembro de 2013. En ambos os foros europeos, recoñécese a importancia da competencia lingüística e da circulación de competencias entre as linguas para lograr un maior dominio da linguaxe, clave para a inclusión social e o éxito escolar.*

*A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de xeito específico, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Así, o/a aprendiz plurilingüe realizará transferencias dos coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou identificar termos emparentados en todas as linguas, senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido. A competencia plurilingüe facilitará, así, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto descoñecido.*

*Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural pónense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural, e o respecto polos dereitos fundamentais.*

*No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos*

*similares, aínda que con diferentes niveis de dominio. Por iso, un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, as estratexias e os procesos traballados nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente. Xa que logo, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua; as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas; o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua; e o coñecemento das normas que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais nunha lingua informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística.*

*Por outra parte, o tratamento integrado das linguas debe considerar o punto de partida diferente de cada unha delas. Daquela, non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. Con esa finalidade, é preciso favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuizos cómpre desmontar e superar. O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario/a competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz de ambas as linguas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.*

*Finalmente, a situación de sociedade multilingüe e plural en que vivimos solicita un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe que potencie o desenvolvemento comunicativo do alumnado nas linguas que adquira ao longo da súa vida, con independencia da diferenza de fins e niveis de dominio con que as utilice, e que o faga consciente da riqueza que supón ser unha persoa plurilingüe para o desenvolvemento cognitivo e social, e para o éxito escolar. Isto implica un tratamento integrado das linguas que o alumnado está a aprender nas aulas. No caso das áreas de Lingua castelá e literatura e de Lingua galega e literatura, os currículos presentan contidos*

*similares en gran medida, e unha distribución igualmente similar en cada un dos cursos que conforman a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. Evidentemente, cada lingua ten as súas características propias, que requiren un tratamento e un traballo específico, pero hai determinados aspectos do currículo que, pola afinidade ou similitude que presentan en ambas as áreas, precisan ou ben ser abordados de maneira parella, ou ben ser presentados só nunha lingua pero traballados e practicados en cada unha delas, e utilizar a mesma terminoloxía nas dúas linguas para non dificultar innecesariamente o proceso de aprendizaxe do alumnado. Daquela, o profesorado implicado no proceso de ensino e aprendizaxe de Lingua castelá e literatura e de Lingua galega e literatura, en cada curso de ambas as etapas, deberá organizar o seu labor nun currículo integrado, que transcenda as respectivas linguas nas que un/unha aprendiz sexa capaz de comunicarse. Isto supón recoñecer a existencia dunha competencia global para a comunicación lingüística e implica non só evitar a repetición de contidos naqueles aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua, como son as estratexias de lectura ou o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos, senón tamén, e especialmente, priorizar a realización de actividades comunicativas de produción e comprensión de textos orais e escritos, pois destas depende o desenvolvemento da competencia xeral en comunicación lingüística.*

*Ademais, nos centros docentes teñen presenza linguas estranxeiras, que tamén son abordadas na aula desde un enfoque comunicativo e intercultural, xa que o coñecemento dos valores e as crenzas compartidas por grupos sociais doutros países resulta esencial para a comunicación nesta sociedade globalizada. Así, para o tratamento integrado de linguas é preciso que, igual que acontece non caso das dúas linguas cooficiais, haxa unha coordinación entre o profesorado destas e o de linguas estranxeiras, para evitar a repetición de contidos na liña das que se mencionaron para as linguas ambientais, e para unificar a terminoloxía. Non se pode esquecer que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira se produce, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e ambientais.*

*Igualmente presentes nas aulas están as linguas clásicas, o latín e o grego, cuxo estudo a nivel fonético, morfosintáctico e léxico proporciona unha sólida base para o perfeccionamento no manexo doutras linguas. Estas desempeñan, logo, un papel salientable como soporte lingüístico da maioría das linguas e para a comprensión do*

*léxico culto que forma gran parte da terminoloxía científica e técnica actual nas linguas que o alumnado coñece ou estuda. Todo isto sen esquecer o enriquecemento cultural que lle proporciona o coñecemento dos diferentes aspectos que se inclúen na civilización clásica, berce da Europa actual, como son, entre outros, a mitoloxía, a relixión ou as súas creacións literarias e artísticas, que tanta influencia tiveron en épocas posteriores e seguen a ter hoxe en día. Por tanto, é esencial a incorporación das linguas clásicas ao currículo integrado das linguas, para reforzar a reflexión lingüística do noso alumnado e fortalecer o seu acceso á cultura literaria.*

*Resulta obvio que para a posta en práctica destes currículos integrados e o logro dos obxectivos plurilingües e interculturais que se perseguen, o profesorado é un elemento determinante, xa que deberá potenciar unha metodoloxía adecuada para levar a cabo enfoques comunicativos e proxectos plurais e transversais, promover a reflexión metacomunicativa e metalingüística e o contraste entre linguas, ou asegurar accións coordinadas entre os departamentos lingüísticos para decidir, entre outros, desde que lingua abordar o estudo dos xéneros discursivos ou as estratexias e os procesos cognitivos que están na base das actividades lingüísticas. A finalidade é construír en cada centro docente a coherencia pedagóxica no ensino das linguas.*

*As materias cuxos currículos se desenvolven ao abeiro desta introdución, as de linguas, teñen como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Daquela, achegan as ferramentas e os coñecementos necesarios para se desenvolver satisfactoria e eficazmente en calquera situación de comunicación da vida privada, social e profesional. Eses coñecementos, que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por unha banda, e de comprensión e expresión escrita por outra, constitúen instrumentos esenciais para a aprendizaxe no ámbito educativo e, posteriormente, ao longo da vida.*

*A reflexión literaria, presente nun bloque de contidos nas linguas ambientais, o galego e o castelán, e nas linguas clásicas, a través da lectura, mediante a comprensión e a interpretación de textos significativos, favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/das estudantes, dálles acceso á memoria, á creatividade, á imaxinación, á descuberta das outras persoas e ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntaos/as a situacións,*

*sentimentos e emocións nunca experimentados, que enriquecen a súa visión do mundo e favorecen o coñecemento de si mesmos/as.*

*En definitiva, estas materias lingüísticas perseguen o obxectivo último de contribuír á formación de cidadás e cidadáns cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións propias, claras e fundamentadas, e de sentir satisfacción, a través da lectura crítica de obras literarias.*

*A materia de Segunda Lingua Estranxeira está organizada en cinco bloques que se corresponden coas actividades de lingua que, tal como as define o MCER, supoñen o exercicio da competencia lingüística comunicativa dentro dun ámbito específico para procesar (en forma de comprensión ou de expresión) un ou máis textos co fin de realizar unha tarefa: comprensión de textos orais, produción de textos orais (expresión e interacción), comprensión de textos escritos e produción de textos escritos (expresión e interacción). Para a súa realización, estas actividades requiren a competencia comunicativa, polo que se inclúe un quinto bloque no que se recollen os elementos que abrangue a competencia comunicativa (lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos), así como as experiencias lingüísticas noutras linguas. Todos estes elementos do quinto bloque relaciónanse entre si e interactúan na realización das actividades lingüísticas comunicativas de comprensión, produción e interacción. Isto supón que, para cada tarefa comunicativa descrita nos estándares, cumprirá incorporarse o conxunto dos contidos recollidos no quinto bloque para a realización do bloque de actividade lingüística que corresponda. Da mesma maneira, para avaliar o grao de adquisición de cada estándar de aprendizaxe dunha determinada actividade de lingua, deberán aplicarse todos os criterios de avaliación recollidos e descritos para a actividade correspondente, así como aqueles do quinto bloque que correspondan.*

O Departamento de Francés do IES Sánchez Cantón asume a filosofía da Lomce ata aquí expresada a través do Decreto 86/2015 do 25 de xuño e programará en consecuencia a materia de Segunda Lingua Estranxeira Francés para a ESO.

Queremos destacar a importancia de que se estableza a necesidade dun Tratamento Integrado das Linguas que nos parece absolutamente imprescindible para lograr una Competencia Lingüística real.

O IES Sánchez Cantón é un instituto de centro urbano cun alumnado de clase media ou media alta que, en xeral, non presenta dificultades nin precisa de medidas disciplinarias extraordinarias. As familias implícanse adecuadamente no proceso de aprendizaxe dos seus fillos e isto favorece claramente o traballo do profesorado. Por outra banda, a ratio de alumnado por aula acada os máximos establecidos na maior parte dos grupos e este factor incide nas dificultades derivadas da masificación, sobre todo nunha lingua estranxeira.

O Departamento de Francés é consciente da importancia do primeiro curso da Eso na nosa materia porque se trata do primeiro achegamento ao Francés por parte do alumnado. Isto fai que se adique atención especial a este nivel xa que o alumnado adquirirá os instrumentos básicos e a motivación imprescindible para continuar con rigor e entusiasmo a aprendizaxe do francés.

O alumnado de 4ºESO presentárase voluntariamente aos exames DELF B1 realizados no centro polos profesores da Alliance Française na primeira semana de maio mentres que o alumnado de 1º Bacharelato presentárase ao DELF B2 nas mesmas datas.

En canto aos resultados académicos do curso pasado, o 100% do alumnado de Francés acadou en xuño os estándares mínimos de aprendizaxe marcados para cada nivel.

## **2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolle a relación de estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.**

As competencias clave identifícanse coa capacidade de poñer en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diversas, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas. O concepto de competencia inclúe tanto os saberes como as habilidades e as actitudes e vai máis alá do saber e do saber facer, incluíndo o saber ser ou estar. Son aquelas competencias que debe desenvolver un mozo ou unha moza ó finalizar o ensino obrigatorio para poder lograr a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de xeito satisfactorio e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ó longo da vida.

En liña coa Recomendación 2006/962/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2006, sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente, o Real decreto 1105/2014, baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares para propiciar unha renovación na práctica docente e no proceso de ensino e aprendizaxe.

Propóñense novos enfoques na aprendizaxe e avaliación, que deben supoñer un importante cambio nas tarefas que deben resolver os alumnos e formulacións metodolóxicas innovadoras. A competencia supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións, e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz. Considéranse, pois, como coñecemento na práctica, un coñecemento adquirido a través da participación activa en prácticas sociais que, como tales, se poden desenvolver tanto no contexto educativo formal, a través do currículo, como nos contextos educativos non formais e informais.

As competencias, polo tanto, conceptualízanse como un «saberfacer» que se aplica a unha diversidade de contextos académicos, sociais e profesionais. Para que a transferencia a distintos contextos sexa posible resulta indispensable unha comprensión do coñecemento presente nas competencias, e a vinculación deste coas habilidades prácticas ou destrezas que as integran.

A aprendizaxe por competencias favorece os propios procesos de aprendizaxe e a motivación por aprender, debido á forte interrelación entre os seus compoñentes: o

concepto apréndese de forma conxunta ao procedemento de aprender o devandito concepto.

Adóptase a denominación das competencias clave definidas pola Unión Europea. Considérase que «as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego». Identifícanse sete competencias clave esenciais para o benestar das sociedades europeas, o crecemento económico e a innovación, e descríbense os coñecementos, as capacidades e as actitudes esenciais vinculadas a cada unha delas.

Tal e como se describe na LOMCE, todas as áreas ou materias do currículo deben participar no desenvolvemento das distintas competencias do alumnado. Estas, de acordo coas especificacións da lei, son:

### **1.º Comunicación lingüística ( CCL)**

Esta competencia que aparece en todas e cada unha das unidades didácticas contribúe ao desenvolvemento da motivación a través dos coñecementos, habilidades e actitudes propios para adoptar decisións, escoitar, ler ou expresarse ao oral ou por escrito con interese.

Esta competencia implica o dominio da lingua oral e escrita nos seus múltiples contextos. No traballo de aula, esta competencia encóntrase en actividades de tipo vocabulario, gramaticais, expresión oral e escrita, escoitas, etc.

### **2.º Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía(CMCT).**

Esta competencia pretende utilizar de forma espontánea os elementos e os razoamentos matemáticos para interpretar e producir información, para resolver problemas da vida diaria, para comprender e poder expresarse en linguaxe matemática e científica.

Nas nosas unidades didácticas, estas competencias aparecen reflectidas na aprendizaxe das cifras e as súas operacións matemáticas, os prezos.

### **3.º Competencia dixital ( CD)**

Con esta competencia, trátase de dotar o alumno das habilidades para buscar, obter e tratar e comunicar información. Este tratamento da información é fundamental para

converternos en individuos autónomos, eficaces e críticos no momento de seleccionar, verificar e utilizar a información.

No traballo diario de aula os alumnos adquirirán a competencia dixital a través da utilización de recursos dixitais postos á súa disposición (libro dixital interactivo) así como a busca de información nas actividades propostas.

O noso instituto dispón de ordenadores e pantallas dixitais que facilitan o desenvolvemento desta competencia.

#### **4.º Aprender a aprender (CCAA).**

Esta capacidade presupón que o alumno dispón de habilidades para comezar a aprender e continuar a aprender de xeito cada vez máis autónoma e eficaz. Nela, inclúese as estratexias para cooperar, autoavaliarse e xestionar os recursos e as técnicas de traballo individual.

O método escollido polo Departamento (Merci, Anaya) posibilita a adquisición desta competencia a través do traballo individualizado do Caderno de actividades, do Caderno de atención á diversidade, do Caderno de avaliacións, as probas DELF e o Portfolio.

#### **5.º Competencias sociais e cívicas (CSC).**

Esta competencia trata de comprender a realidade social na que vivimos, de facer fronte á resolución de conflitos utilizando os valores e as prácticas democráticas, exercendo a cidadanía, contribuíndo á construción da paz e da democracia, e mantendo unha actitude construtiva, solidaria e responsable cara ao exercicio dos dereitos e obrigas cívicas.

Desenvolveremos esta competencia grazas ao descubrimento polos alumnos de culturas e nacionalidades diferentes á propia.

#### **6.º Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CIEE).**

Esta competencia fai referencia á responsabilidade, a perseveranza, o coñecemento e a autoestima, a creatividade, a autocrítica e o control emocional. Trátase de recoñecer que temos a capacidade para imaxinar, desenvolver e avaliar accións e proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza e responsabilidade crítica.

O desenvolvemento desta competencia realizarase a través das actividades de memorización, resumo de ideas, organización da información e expresións orais. Todos estes elementos aparecen igualmente recollidos no Portfolio.

## 7.º Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Esta competencia implica un coñecemento básico das diferentes manifestacións culturais, unha actitude aberta, respectuosa e crítica fronte á diversidade de expresións culturais.

Traballamos esta competencia a través da moda, o deporte, a música, as cidades francófonas que aparecen ao longo das nosas unidades didácticas.

Cada unidade didáctica desenvolverá as diferentes competencias entre as que quixéramos destacar como esenciais as seguintes:

### COMPETENCIAS ESENCIAIS: DESCRITORES E PROPOSTA PEDAGÓXICA

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística</i>	Ser progresivamente competente na expresión e comprensión das mensaxes orais que se intercambian en situacións comunicativas diversas.	Responde preguntas sobre o contido dos documentos da unidade.
	Ter unha actitude favorable cara á lectura.	Le textos da unidade.
	Expresarse oralmente de xeito apropiado e con coherencia.	Fai preguntas e comunícase cos demais correctamente e de xeito apropiado.
	Empregar os procedementos lingüísticos para representar, interpretar e comprender a realidade.	Redacta explicacións tendo en conta a ortografía e as estruturas sintácticas.
	Respectar as normas de comunicación en diferentes contextos.	Ten unha actitude correcta, tanto para facer preguntas como para responder as preguntas dos compañeiros.

<i>Competencia dixital</i>	Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento de traballo intelectual para informarse, aprender e comunicarse.	Utiliza diferentes recursos para afondar nun tema determinado.
<i>Conciencia e expresións culturais</i>	Coñecer, comprender, apreciar e valorar diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e gozo e consideralas como parte do patrimonio dos pobos.	Mostra respecto cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	Valorar as diferenzas e recoñecer a igualdade de dereitos	Aplica os dereitos e deberes da convivencia no contexto da escola.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	Autonomía persoal	É constante no traballo superando as dificultades.
	Creatividade	Xera novas posibilidades a partir dos coñecementos dun tema tratado na clase.
	Aplicar as estratexias para mellorar o pensamento creativo, crítico, emocional.	Aplica os coñecementos adquiridos para analizar e comentar os textos da unidade co fin de crear novos textos.

### 3. OBXECTIVOS.

A Lomce establece que a educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

*a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos*

*humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.*

*b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.*

*c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.*

*d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.*

*e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.*

*f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.*

*g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación,*

*o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.*

*h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.*

*i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.*

*l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.*

*m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.*

*n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.*

*ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e*

*respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.*

*o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.*

Todos estes obxectivos aparecen debidamente asociados aos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe previstos para cada nivel e aos que nos remitimos, pero ademais como obxectivos específicos, asociados a través das letras aos obxectivos xerais, establecemos os seguintes:

1º ESO (Lomloe, Proens)

2º ESO

1º trimestre

- Dar un número de teléfono (i)
- Escribir unha data (i)
- Describir a roupa (c, i, l)
- Falar dos estilos de vestimenta (a, l)
- Falar das profesións(a, c, l)
- Falar dos disfraces (a, l)
- Invitar a alguén (d)

2º trimestre

- Falar de deportes (l, c)
- Falar dos instrumentos de música (l, c)
- Falar das actividades (a, d, b, c)
- Expresar a posesión (i)

- Falar das viaxes (a, l, d, e)
- Describir un lugar (l)
- Dicir o tempo que vai (i)
- Situarse no espazo (i)
- Preguntar e dicir a hora (a, c)
- Ler e comprender un regulamento (a, c, e)
- Describir o meu instituto (a, b, c, d)
- Falar das materias (i)
- Contar un día no instituto (i, l)

### 3º trimestre

- Describir a miña casa (i, a)
- Falar do mobiliario (i)
- Falar das tarefas domésticas(c, b)
- Contar un día na casa(c)
- Situarse no espazo (i)
- Falar do material informático (f)
- Falar das actividades deportivas(a, d, c, b, m)
- Falar da saúde (m)
- Comprender, preguntar e dar información(a, b, g, c)
- Comparar e comentar pesos (f)

### 3º ESO (Lomloe, Proens)

#### 4º ESO

#### 1º trimestre

- Falar e escribir en “passé composé” (i)
- Contar as súas vacacións (l, n)
- Falar dos medios de transporte (i)
- Contar unha viaxe (l, n, d, c)
- Dar a súa opinión, felicitar (g)
- Falar dos seus gustos (a ,d)
- Describir a materia dos obxectos (i)
- Expresar a pertencencia (i)

- Falar da saúde (m)

#### 2º trimestre

- Describir profesións (a)
- Falar do porvir profesional (b, c)
- Pedir, dar información (a, c)
- Expresar o seu acordo e desacordo (g)
- Facer suxerencias (g)
- Reaccionar a proposicións (g)
- Expresar un desexo, unha intención (a, c, d)
- Expresar obrigacións (a, b)
- Describir feitos pasados (a, l)
- Expresar a causa e a consecuencia (i)
- Falar do medioambiente e da ecoloxía (l)
- Dar a súa opinión sobre problemas prácticos (g)

#### 3º trimestre

- Falar do universo (l,n)
- Facer suposicións (i)
- Expresar unha finalidade (i)
- Contar unha aventura increíble (a, l, n, c, d)
- Expresar a simultaneidade (i)
- Presentar un proxecto (a, b, c, d, n)
- Contar unha experiencia (a, c,d)

## **4. CONTIDOS. Temporalización dos contidos.**

O desenvolvemento dos contidos no presente proxecto de Segunda Lingua Estranxeira na ESO segue as directrices establecidas na actualidade polas administracións educativas.

Os contidos estruturáronse en cinco grandes bloques que determinan as principais destrezas que os alumnos e alumnas han de adquirir. Os contidos son necesarios para alcanzar os estándares de aprendizaxe e son considerados como contidos competenciais, isto é, todo aquilo que o estudante debe de forma simultánea saber, saber utilizar e saber incorporar ao seu perfil de competencias:

- **Bloque 1, Comprensión de textos orais:** este bloque está dedicado á adquisición de estratexias e aprendizaxes básicas para unha correcta comprensión da lingua estranxeira na linguaxe oral. Deste modo, preténdese fomentar a escoita activa de textos orais, así como o fomento da comprensión da lingua estranxeira.
- **Bloque 2, Producción de textos orais:** expresión e interacción de textos orais. Con este bloque preténdese conseguir a expresión oral dos coñecementos adquiridos, así como a posta en práctica da lingua. A exposición, a participación activa e cooperativa, así como a consecución das estratexias da lingua estranxeira son parte esencial dos contidos deste bloque.
- **Bloque 3, Comprensión de textos escritos:** neste bloque, foméntase o coñecemento e uso das técnicas e estratexias necesarias para a lectura, comprensión, interpretación e valoración de distintos tipos de textos escritos na lingua estranxeira.
- **Bloque 4, Producción de textos escritos:** expresión e interacción. Este bloque está dedicado ao coñecemento e uso das técnicas e estratexias para a produción de textos escritos destacando a escritura como proceso onde ten lugar a planificación, obtención de datos, organización da información, redacción e revisión do texto.
- **Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe:** neste bloque recóllense os elementos que abrangue a competencia comunicativa (lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos), así como as experiencias lingüísticas noutras linguas.

1º ESO (Lomloe, Proens)

## 2ºESO Merci 2 (Ed. Anaya)

2h/ semanais	6 unités	Sesións	Temporalización
1º trimestre	Unité 0:Nous parlons français	14	8 setembro-28 outubro
	Unité 1: Tendances mode	11	2 novembro-22 decembro
2º trimestre	Unité 2: Amuse-toi bien!	12	9 xaneiro-31 xaneiro
	Unité 3: Mon tour d'Europe	10	1 febreiro-28 febreiro
	Unité 4: Mon collège à moi	12	1 marzo – 31 marzo
3º trimestre	Unité 5: Ma vie d'ado	12	11 abril -8 maio
	Unité 6: À vos marques	10	9 maio- 2 xuño

Unha vez realizadas as avaliacións finais (5, 6, 7 e 8 de xuño) e antes de que teñan lugar as Probas extraordinarias, seguindo as instrucións da Consellería, o profesorado desenvolverá tarefas de titorización do alumnado e revisará os contidos do curso en función das necesidades da clase.

### Contidos do 1º trimestre

#### Comunicación:

- Dar un número de teléfono (B1, B2, B4)
- Escribir unha data (B4)
- Describir a roupa (B1, B2, B3, B4)
- Falar dos estilos de vestimenta (B1, B2, B3, B4)
- Falar das profesións (B1, B2, B3, B4)
- Falar dos disfraces (B1, B2)
- Invitar a alguén (B1, B2, B3, B4)

### **Gramática – conxugación: B1, B2, B3, B4)**

- O presente de indicativo dos verbos en *-er* e dos verbos *avoir* e *être*
- O imperativo
- Facer preguntas
- O feminino dos adxectivos irregulares
- Os nomes femininos
- *Il, Elle est... / C'est...*
- *Os verbos pronominais (1): s'habiller*

### **Léxico: (B1, B2, B3, B4)**

- Os números do 0 ao 100
- O feminino dos adxectivos irregulares
- Os nomes femininos
- *Il, Elle est... / C'est...*
- *Os verbos pronominais (1): s'habiller*

### **Fonética: (B1, B2)**

- As finais das palabras

### **Cultura e civilización: (B1, B2, B3, B4, B5)**

- A moda en África

### **Contidos do 2º trimestre**

#### **Comunicación:**

- Falar de deportes (B1, B2, B3, B4)
- Falar dos instrumentos de música (B1, B2, B3, B4)
- Falar das actividades (B1, B2, B3, B4, B5)

- Expresar a posesión (B2, B4)
- Falar das viaxes (B1, B2, B3, B4, B5)
- Describir un lugar (B1, B2, B3, B4, B5)
- Dicir o tempo que vai (B1, B2, B2, B4)
- Situarse no espazo (B2, B4)
- Preguntar e dicir a hora (B1, B2, B3, B4)
- Ler e comprender un regulamento (B3, B4, B5)
- Describir o meu instituto (B1, B2, B3, B4, B5)
- Falar das materias (B1, B2, B3, B4, B5)
- Contar un día no instituto (B1, B2, B3, B4, B5)

### **Gramática – conxugación: (B1, B2, B3, B4)**

- O verbo *faire* + *du, da, des*
- O verbo *jouer* + *du, au, de la, del', des*
- *À qui est-ce?*
- Os pronomes tónico
- O verbo *aller*
- As preposicións + nome de país ou cidade
- O verbo *venir*
- O *futur proche*
- *Allez chez...*
- Os adxectivos interrogativos: *quel, quelle, quels, quelles*
- Os verbos pronominais (2): *s'entraîner, se lever, se réveiller, se coucher, se regarder...*
- O imperativo negativo

### **Léxico: (B1, B2, B3, B4, B5)**

- Os deportes
- As accións
- Os instrumentos de música
- As estacións do ano
- O tempo
- As vacacións
- O instituto
- A hora
- As materias

**Fonética:(B1, B2)**

- Os sons [v] et [b]
- Os sons [j] et [ʝ]
- Les liaisons

**Cultura e civilización: (B1, B2, B3, B4, B5)**

- O Tour de France
- La Reunión: Francia no océano Índico
- Un centro escolar diferente

**Contidos do 3º trimestre****Comunicación:**

- Describir a miña casa (B2, B4)
- Falar do mobiliario (B1, B2, B3, B4)
- Falar das tarefas domésticas (B1, B2, B3, B4, B5)
- Contar un día na casa (B1, B2, B3, B4)
- Situarse no espazo (B2, B4)
- Falar do material informático (B2, B4)
- Falar das actividades deportivas (B1, B2, B3, B4, B5)
- Falar da saúde (B1, B2, B3, B4)
- Comprender, preguntar e dar información (B1, B2, B3, B4, B5)
- Comparar e comentar presos (B1, B2, B3, B4, B5)

**Gramática – conxugación (B1, B2, B3, B4, B5)**

- *O futur proche*
- As preposicións de lugar
- O presente continuo
- Os adxectivos posesivos

**Léxico: (B1, B2, B3, B4, B5)**

- Os cuartos da casa
- O mobiliario
- As tarefas domésticas
- As ocupacións na casa
- Informática
- *C'est trop / Il y a trop de...*

- *Pourquoi / Parce que*
- O pasado recente
- Os comparativos
- Os adxectivos demostrativos

**Fonética: (B1, B2)**

- O son [ɥ]
- Os sons [j] et [g]

**Cultura e civilización (B1, B2, B3, B4, B5)**

- Unha xuventude conectada a internet
- Os xogos olímpicos

**3º ESO (Lomloe, Proens)**

**4º ESO Merci 4 (ed. Anaya)**

2h/ semanais	6 unités	Sesións	Temporalización
1º trimestre	Unité 0: Au tour du monde	20	8 setembro- 28 outubro
	Unité 1: En scène	13	2 novembro-2 decembro
2º trimestre	Unité 2: Un job d'été	10	9 xaneiro-31 xaneiro
	Unité 3: Tous ensemble	9	1 febreiro-28 febreiro
	Unité 4: Sauvons la planète	13	1 marzo- 31 marzo

3º trimestre	Unité 5: En route pour le futur	9	11 abril -5 maio
	Unité 6: Un monde connecté	10	8 maio-2 xuño

**Unha vez realizadas as avaliacións finais (5, 6, 7 e 8 de xuño) e antes de que teñan lugar as Probas extraordinarias, seguindo as instrucións da Consellería, o profesorado desenvolverá tarefas de titorización do alumnado e revisará os contidos do curso en función das necesidades da clase.**

### **Contidos do 1º trimestre**

#### **Comunicación:**

- Falar e escribir en “passé composé” (B2, B4)
- Contar as súas vacacións (B1, B2, B3, B4)
- Falar dos medios de transporte (B1, B2)
- Contar unha viaxe (B1, B2, B3, B4, B5)
- Dar a súa opinión, felicitar (B1, B2, B3, B4, B5)
- Falar dos seus gustos (B1, B2, B3, B4, B5)
- Describir a materia dos obxectos (B2, B4)
- Expresar a pertencencia (B2, B4)
- Falar da saúde (B2, B4)

#### **Gramática – conxugación: (B1, B2, B3, B4)**

- O passé composé
- O presente de indicativo
- Os pronomes relativos *qui* e *que*
- Os adxectivos demostrativos
- Os adxectivos posesivos
- O superlativo
- O complemento do nome
- *Avoir besoin de*

- *Avoi renvie de*
- Los verbos en “-yer”
- Os indicadores de tempo
- Os pronomes interrogativos compostos
- A forma interrogativa negativa

**Léxico: (B1, B2, B3, B4)**

- Os desprazamentos
- Os medios de transporte
- Os destinos
- As materias
- O neceser
- A enfermidade
- O circo

**Fonética: (B1, B2)**

- Os sons [y] et [u]
- A exclamación

**Cultura e civilización: (B1, B2, B3, B4, B5)**

- O circo: unha gran familia

**2º trimestre**

**Comunicación:**

- Describir profesións (B2, B4)
- Falar do porvir profesional (B2, B4)
- Pedir, dar información (B1, B2)
- Expresar un desexo, unha intención (B1, B3)
- Expresar o seu acorrido e desacordo (B1, B2, B3, B4, B5)
- Facer suxerencias (B1, B2, B3, B4)
- Reaccionar a proposicións (B1, B2, B3, B4)
- Expresar obrigacións (B2, B4)
- Describir feitos pasados (B1, B2, B3, B4)

- Expresar a causa e a consecuencia (B3, B4)
- Falar do medioambiente y da ecoloxía (B1, B2, B3, B4, B5)
- Dar a súa opinión sobre problemas prácticos (B1, B2, B3, B4, B5)

### **Gramática – conjugación: (B1, B2, B3, B4)**

- O futuro simple
- A oposición
- O pronome relativo *où*
- O pronome *en*
- Os adverbios en “-ment”
- Os pronomes COD y COI
- Dar a súa opinión: *je crois que, je pense que, à mon avis*
- *Si* + presente + presente e *si* + presente + futuro
- O “passé composé” dos verbos pronominais
- A negación absoluta: *pas du tout, absolument pas.*
- O imperfecto
- Os pronomes dobres
- Os valores de “on”
- Os pronomes demostrativos
- O imperativo + pronomes COD y COI
- A consecuencia (*donc, alors, par conséquent, c’est pourquoi*) e a causa (*parce que, car, grâce à, puisque, comme*).

### **Léxico: (B1, B2, B3, B4, B5)**

- A estación
- O aeroporto
- Os valores
- As crenzas- As paisaxes
- A fauna
- A flora
- O medioambiente
- A ecoloxía
- A vida asociativa
- O código da circulación

**Fonética: (B1, B2)**

- Os sons [ʒ] et [ʃ]
- A expresión da opinión: a boa entonación
- Os sons [b] et [p]

**Cultura e civilización: (B1, B2, B3, B4, B5)**

- Qué profesional!
- Os Xogos da Francofonía
- Unha familia sin residuos

## 3º Trimestre

**Comunicación:**

- Falar do universo (B2, B4)
- Facer suposicións (B2, B4)
- Expresar unha finalidade (B3, B4)
- Contar unha aventura increíble (B1, B2, B3, B4)
- Expresar a simultaneidade (B3, B4)
- Presentar un proxecto (B1, B2, B3, B4)
- Contar unha experiencia (B1, B2, B3, B4, B5)

**Gramática – conxugación: (B1, B2, B3, B4)**

- Os pronomes posesivos
- A finalidade
- O imperfecto e o “passé composé”
- *Y* e *en* como complementos de lugar
- Os pronomes indefinidos
- O condicional presente
- A condición
- A concordancia do participio pasado co COD
- A simultaneidade (*tandis que, pendant que...*)
- Os verbos impersonais no imperfecto
- O subxuntivo presente

**Léxico: (B1, B2, B3, B4, B5)**

- O universo
- A tecnoloxía
- A informática
- A televisión
- As redes sociais
- O pirateo

**Fonética: (B1, B2)**

- El sonido [r]
- Los sonidos [ə], [ɛ] et [e]

**Cultura e civilización (B1, B2, B3, B4, B5)**

- Vivo en Marte
- Unha serie francesa

**5. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación.**

5.1. 1º ESO (Lomloe, Proens)

5.2. 2º ESO

**a.Temporalización**

1º trimestre: unidade 0

Estándares mínimos de aprendizaxe: SLB1.1, SLB1.2, SLB2.1, SLB2.2, SLB3.1, SLB4.1, SLB5.1

Outros estándares de aprendizaxe: SLB1.3, SLB2.3, SLB3.2, SLB4.2,

### Descrición

A sesión 1 “Je me présente” iníciase cunha lectura. Acompañando este documento encontramos actividades de escoita, comprensión oral e escrita, produción oral e escrita para reinvestir os coñecementos adquiridos. A gramática “Le présent de l'indicatif” preséntase en cadros.

A sesión 2 “Écoute!” iníciase cunha escoita. Acompañando este documento encontramos actividades de escoita, comprensión oral e escrita, produción oral e escrita para reinvestir os coñecementos adquiridos. A gramática “L'impératif” preséntase en cadros.

A sesión 3 “Qu'est-ce que tu aimes?” iníciase cunha lectura. Acompañando este documento encontramos actividades de escoita, comprensión oral e escrita, produción oral e escrita para reinvestir os coñecementos adquiridos. A gramática “Les questions” preséntase en cadros.

A sesión 4 “J'ai 98 amis sur Facebook” iníciase cunha escoita. Acompañando este documento encontramos actividades de comprensión e produción oral e escrita para reinvestir os coñecementos adquiridos. O léxico “Les nombres de 0 à 100” preséntase en cadros.

### CONTIDOS DA UNIDADE/CRITERIOS DE AVALIACIÓN/ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES/COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido a iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
----------	-------------------------	--------------------------------------	----

COMPREENSIÓN DE TEXTOS ORAIS	COMPREENSIÓN DE TEXTOS ORAIS	COMPREENSIÓN DE TEXTOS ORAIS	
- b) Proba escrita de gramática, léxico, produción e comprensión escrita.
- c) Proba oral de produción e comprensión oral (poderase avaliar a destreza oral a través das diversas intervencións na aula sen establecer propiamente unha proba específica, agás no 3º trimestre onde haberá necesariamente unha proba de comprensión e produción oral adaptada aos niveis do MCER).

O número de probas realizadas en cada trimestre será polo menos de unha de cada tipo (agás a proba oral, ver especificacións).

A nota do trimestre será o resultado da **suma** da nota da proba escrita de gramática, léxico, sintaxe e comprensión e produción escritas, máis 1 punto pola proba de verbos se é apta, máis un punto pola proba oral, máis 2 puntos por :

- O caderno diario de clase, que poderá ser requerido polo profesor sen previo aviso e deberá estar completo, corrixido e cunha presentación adecuada (1 punto).
- O traballo diario e constante na casa e na aula (1 punto).

**Nota do trimestre = Nota da proba escrita + 1 punto pola proba de verbos + 1 punto pola proba oral + 1 punto polo caderno de clase + 1 punto polo traballo diario na casa e na clase.**

A nota final de xuño podrase obter de dúas maneiras optando sempre pola que **máis favoreza ao alumnado** :

1. Será o resultado da **media ponderada** das 3 avaliacións:

1ª avaliación : 30%

2ª avaliación : 30%

3ª avaliación : 40%

2. Xa que a aprendizaxe dunha lingua debe facerse dun xeito continuo, acumulativo e non compartimentado e seguindo a **metodoloxía en espiral** (en lugar de tratar de dominar un tema dunha soa vez, a aprendizaxe en espiral ensina un concepto de forma gradual e repetida, reforzando os conceptos ao longo do tempo. A idea é que cada vez que un alumno se atope co tema amplía os seus coñecementos ou mellora o seu nivel de habilidade.), os resultados da 3ª avaliación serían os máis significativos, de tal xeito que **a nota da 3ª avaliación sería a nota final tendo en conta a constancia, o esforzo e a evolución do alumnado na aprendizaxe da lingua.**

O alumnado que non obteña o aprobado en cada trimestre terá dereito a unha **proba de recuperación por avaliación**. No caso de que, aínda así, suspendera algún dos trimestres, ou todos, o alumnado terá a posibilidade de aprobar a materia nunha **Proba final no mes de xuño**.

**O alumnado de 2º ESO deberá, polo menos, acadar a final de curso o nivel A2 do MCLR e será un DELF A2 (o aprobado será un 30/100) a proba de calibraxe que se utilizará para garantir que o alumnado acceda ao seguinte curso coa certificación dese nivel.**

**3º ESO ( Lomloe, Proens)**

**4º ESO**

Tipos de probas :

a) Proba escrita de verbos.

b) Proba escrita de gramática, léxico, sintaxe.

c) Proba DELF B1 : CE (25 puntos), CO (25 puntos), PE (25 puntos) e PO (25 puntos).

O número de probas realizadas en cada trimestre será polo menos de unha de cada tipo.

A nota do trimestre será o resultado da **suma** da nota do DELF, máis 1 punto pola

proba escrita de gramática, léxico e sintaxe, máis 1 punto pola proba de verbos, se é apta, máis 1 punto polo traballo diario e constante na casa e na aula e máis 1 punto polo dossier de clase.

**Nota do trimestre = Nota da proba DELF B1 + 1 punto pola proba escrita de gramática, léxico e sintaxe proba escrita + 1 punto pola proba de verbos + 1 punto polo traballo diario na casa e na clase + 1 punto polo dossier de clase.**

A nota final de xuño podrase obter de dúas maneiras optando sempre pola que **máis favoreza ao alumnado** :

1. Será o resultado da **media ponderada** das 3 avaliacións:

1ª avaliación : 30%

2ª avaliación : 30%

3ª avaliación : 40%

2. Xa que a aprendizaxe dunha lingua debe facerse dun xeito continuo, acumulativo e non compartimentado e seguindo a **metodoloxía en espiral** (en lugar de tratar de dominar un tema dunha soa vez, a aprendizaxe en espiral ensina un concepto de forma gradual e repetida, reforzando os conceptos ao longo do tempo. A idea é que cada vez que un alumno se atope co tema amplía os seus coñecementos ou mellora o seu nivel de habilidade.), os resultados da 3ª avaliación serían os máis significativos, de tal xeito que **a nota da 3ª avaliación sería a nota final tendo en conta a constancia, o esforzo e a evolución do alumnado na aprendizaxe da lingua.**

O alumnado que non obteña o aprobado en cada trimestre terá dereito a unha **proba de recuperación por avaliación**. No caso de que, aínda así, suspendera algún dos trimestres, ou todos, o alumnado terá a posibilidade de aprobar a materia nunha **Proba final no mes de xuño**.

**O alumnado de 4º ESO deberá, polo menos, acadar a final de curso o nivel B1 do MCER e será un DELF B1 (50/100) a proba de calibraxe que se utilizará para garantir que o alumnado acceda ao seguinte curso coa certificación dese nivel.**

**O alumnado de 4º ESO presentarse a comezos de maio ás probas DELF no nivel**

## de B1.

Os resultados de cada proba descrita así como a observación directa na aula permitirán ao profesor cubrir finalmente **as rúbricas de avaliación final** por cada unidade traballada (dispoñibles no método Merci) onde se marcará a adquisición de cada EA establecido a través dunha escala que irá do 0 ao 10, sendo o 5 o mínimo que permita una avaliación positiva.

A LOMCE establece que a avaliación será por competencias, por tanto na Segunda lingua estranxeira francés estas serán finalmente as porcentaxes:

10% : CCL Comprensión oral

10% : CCL Producción oral

10% : CCL Comprensión escrita

10% : CCL Producción escrita

10% : Traballo en grupo

10% : Aprender a aprender

40% : Media dos instrumentos de avaliación empregados para os EA concretos

O alumado que acade, como mínimo, o 50% de cada competencia obterá unha avaliación positiva.

No caso da ausencia xustificada dun alumno por motivos de saúde (Covid, etc...) o profesorado adaptará os instrumentos de avaliación ao soporte online dispoñible (Webex, Aula virtual, etc...).

Resumo dos criterios de avaliación :

<b>1. Criterios sobre a avaliación e cualificación</b>	
<b>1º Avaliación</b>	<p>Cálculo da nota da 1º avaliación:</p> <p><b>2º ESO</b></p> <p><b>Nota do trimestre = Nota da proba escrita + 1 punto pola proba de verbos + 1 punto pola proba oral + 1 punto polo caderno de clase + 1 punto polo traballo diario na casa e na clase.</b></p>
	<p><b>4º ESO</b></p> <p><b>Nota do trimestre = Nota da proba DELF B1 + 1 punto pola proba escrita de gramática, léxico e sintaxe proba escrita + 1 punto pola proba de verbos + 1 punto polo traballo diario na casa e na clase + 1 punto polo dossier de clase.</b></p>
	<p>Procedemento de recuperación da 1º avaliación:</p> <p>O alumnado poderá recuperar cada proba antes da entrega do boletín. Asimesmo, no caso de que non o presentara debidamente, deberá entregar o dossier de clase completo que acredite o traballo realizado na clase e na casa durante o trimestre.</p>

<p><b>2º Avaliación</b></p>	<p>Cálculo da nota da 2º avaliación:</p> <p><b>2º ESO</b>  <b>Nota do trimestre = Nota da proba escrita + 1 punto pola proba de verbos + 1 punto pola proba oral + 1 punto polo caderno de clase + 1 punto polo traballo diario na casa e na clase.</b></p> <p><b>4º ESO</b>  <b>Nota do trimestre = Nota da proba DELF B1 + 1 punto pola proba escrita de gramática, léxico e sintaxe proba escrita + 1 punto pola proba de verbos + 1 punto polo traballo diario na casa e na clase + 1 punto polo dossier de clase.</b></p>
	<p>Procedemento de recuperación da 2º avaliación:</p> <p>O alumnado poderá recuperar cada proba antes da entrega do boletín. Asimesmo, no caso de que non o presentara debidamente, deberá entregar o dossier de clase completo que acredite o traballo realizado na clase e na casa durante o trimestre.</p>
<p><b>3º Avaliación</b></p>	<p>Cálculo da nota da 3º avaliación:</p> <p><b>2ºESO</b>  <b>Nota do trimestre = Nota da proba escrita + 1 punto pola proba de verbos + 1 punto pola proba oral + 1 punto polo caderno de clase + 1 punto polo traballo diario na casa e na clase.</b></p>

	<p><b>4°ESO</b></p> <p><b>Nota do trimestre = Nota da proba DELF B1 + 1 punto pola proba escrita de gramática, léxico e sintaxe proba escrita + 1 punto pola proba de verbos + 1 punto polo traballo diario na casa e na clase + 1 punto polo dossier de clase.</b></p> <p>Procedemento de recuperación da 3º avaliación:</p> <p>O alumnado poderá recuperar cada proba antes da entrega do boletín. Asimesmo, no caso de que non o presentara debidamente, deberá entregar o dossier de clase completo que acredite o traballo realizado na clase e na casa durante o trimestre.</p>
<p><b>Cualificación final</b></p>	<p>Cálculo para obter a cualificación final de curso:</p> <p>A nota final de xuño poderase obter de dúas maneiras optando sempre pola que <b>máis favoreza ao alumnado</b> :</p> <p><b>1.</b> Será o resultado da <b>media ponderada</b> das 3 avaliacións:</p> <p>1ª avaliación : 30%</p> <p>2ª avaliación : 30%</p> <p>3ª avaliación : 40%</p> <p><b>2.</b> Xa que a aprendizaxe dunha lingua debe facerse dun xeito continuo, acumulativo e non compartimentado e seguindo a <b>metodoloxía en espiral</b> (en lugar de tratar de dominar un tema dunha soa vez, a aprendizaxe en espiral ensina un concepto de forma gradual e repetida, reforzando os conceptos ao longo do tempo. A idea é que cada vez que un</p>

	<p>alumno se atope co tema amplíe os seus coñecementos ou mellore o seu nivel de habilidade), os resultados da 3ª avaliación serían os máis significativos, de tal xeito que <b>a nota da 3ª avaliación sería a nota final tendo en conta a constancia, o esforzo e a evolución do alumnado na aprendizaxe da lingua.</b></p>
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p>Cálculo para obter a cualificación final de materia pendente:</p> <p>Nota da 1ª avaliación: 60% da proba + 40% do caderno de actividades.  Nota da 2ª avaliación: 60% da proba +40% do caderno de actividades.</p> <p><b>Nota final= <math>\frac{\text{Nota da 1ª av} + \text{Nota da 2ª av}}{2}</math></b></p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>As probas e as actividades propostas estarán baseadas nos contidos mínimos establecidos na Programación didáctica.</p>
<p><b>2.1. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final na ESO (apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría)</b></p>	
<b>Metodoloxía</b>	<p>2ºESO</p> <p>O alumnado que non supere o curso poderá <b>recuperar</b> a materia realizando una proba final que consistirá nun examen DELF A2. A proba considerárase superada se obtén 30/100 tal como aparece na calibraxe establecida para este nivel. A nota da proba DELF será a nota final.</p> <p>O alumnado que teña aprobada a materia e <b>queira subir nota</b> poderá presentarse á mesma proba DELF A2 nos apartados de comprensión oral, comprensión escrita e produción escrita. A esta nota se lle sumará a nota da produción oral obtida na 3ª avaliación. A suma destas notas, sempre que se supere o aprobado (30/100), constituirá <b>ata un punto</b> que se sumará á nota obtida na terceira avaliación.</p>

	<p><b>4°ESO</b></p> <p>O alumnado que non supere o curso poderá <b>recuperar</b> a materia realizando una proba final que consistirá nun examen DELF B1. A proba considerarase superada se obtén 40/100 tal como aparece na calibraxe establecida para este nivel. A nota da proba DELF será a nota final.</p> <p>O alumnado que teña aprobada a materia e <b>queira subir nota</b> poderá presentarse á mesma proba DELF B1 nos apartados de comprensión oral, comprensión escrita e produción escrita. A esta nota se lle sumará a nota da produción oral obtida na 3° avaliación. A suma destas notas, sempre que se supere o aprobado (50/100), constituirá <b>ata un punto</b> que se sumará á nota obtida na terceira avaliación.</p>
<p><b>Actividades tipo</b></p>	<p>Traballaranse as catro competencias requiridas no DELF: comprensión oral, comprensión escrita, produción escrita e produción oral.</p>
<p><b>Materiais e recursos</b></p>	<p>ABC DELF A1, A2, B1, B2</p>

## **9. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.**

Nas reunións de departamento establecidas os profesores da materia analizarán con detalle os desaxustes, en caso de se produciren, da programación e procederán á súa corrección. Unha programación debe ser suficientemente flexible para adaptarse á realidade das aulas.

Farase un estudio estadístico dos resultados académicos nos diferentes niveis e acordaranse as medidas correctoras necesarias sobre todo se o índice de suspensos supera o 25 %, xa que un índice elevado de aprobados significará necesariamente unha boa adecuación da programación á realidade das aulas. Os aspectos básicos sometidos a avaliación serán :

- As aprendizaxes logradas polo alumnado.
  
- As medidas de individualización da ensinanza con especial atención ás medidas de apoio e reforzo utilizadas.
  
- A programación e o seu desenvolvemento e, en particular, as estratexias de ensinanza, os procedementos de avaliación do alumnado, a organización da aula e o aproveitamento dos recursos do centro.
  
- A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado con altas capacidades intelectuais e con necesidades educativas especiais.
  
- A relación co alumnado, así como o clima de convivencia.
  
- A coordinación co resto de profesores de cada grupo e no seo do departamento.
  
- As relacións co titor ou a titora e, no seu caso, coas familias.

## **10. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes. Plan de seguimento do alumnado repetidor.**

Os alumnos que teñan a materia de francés pendente farán dous exames adaptados aos EA mínimos establecidos nesta programación. A nota de cada avaliación de pendentes computará do seguinte modo: ata 6 puntos a proba escrita e ata 4 puntos a realización das follas de exercicios elaboradas polo departamento. Estes exercicios valoraranse sempre que sexan correctamente realizados e entregados polo alumno **nas datas sinaladas polo Departamento** ao longo do curso.

Fará falta unha nota media de 5 para aprobar a materia.

O alumnado que non acade un promedio de 5 (exame máis caderno de exercicios) en cada avaliación de pendentes terá **un examen final** de toda a materia cos EA mínimos establecidos. A data exacta será indicada no calendario establecido pola Dirección do Centro.

O caderno de exercicios e as probas de avaliación de pendentes estarán baseadas no libro de texto *Merci* ( 1, 2, 3) e esta será a súa distribución:

**1º E.S.O Francés pendente (libro de texto: Merci 1. Ed. Anaya)**

1ª Avaliación: Unidades 1-2-3

Os saúdos, as despedidas e as presentacións. A interrogación con Comment/Qui/quoi. Verbos *parler, être, s'appeler, avoir, aimer*, no presente. Os números, de 0 a 100. Os pronomes persoais suxeito. Os pronomes persoais tónicos. Os días da semana. Os meses. Os materiais da escola. O artigo definido e indefinido. A idade: preguntar e responder. Expresar a data de cumpleanos. As materias: mathématiques, anglais...

Actividades de tempo libre. Escribir unha invitación. A negación (*ne...pas*). Os membros da familia. Os adxectivos posesivos: *mon, ma, mes*. Descripción de persoas (*grand, petit, blond, brun...*). O xénero dos adxectivos (*petit / petite...*). A roupa. As cores. As partes do día (*matin, après-midi, soir, nuit*). Verbos *faire, mettre*. Os adxectivos demostrativos: *ce, cet, cette, ces*.

## 2ª Avaliación: Unidades 4- 5-6

A actividade cotiá: levantarse, vestirse, almorzar... Verbos (presente de indicativo) *prendre/sortir/déjeuner/dîner/aller/rentrer/se lever/se réveiller/se coucher/se laver*. A preposición *à*. A expresión *avoir mal à*. As partes do corpo.

Explicar un itinerario. Verbos (presente de indicativo) *passer, aller, venir, tourner, prendre*. Os lugares da cidade. O imperativo. Os transportes. A obriga: *il faut*. Os artigos partitivos. O futuro próximo (*aller+infinitivo*). A interrogación: *Quel..? / Pourquoi..?* Os alimentos. As comidas. O imperativo. A negación *ne... pas. Il y a, il n'y a pas*. As tendas (*la boucherie, la boulangerie...*). As preposicións+países/cidades: *en, à, au, aux*. A metereoloxía.

## **2º E.S.O Francés pendiente (libro de texto: Merci 2. Ed. Anaya.**

### 1ª Avaliación: Unidades 1-2-3

Presentarse e presentar aos compañeiros (revisión). Interrogación con *qui/qu'est-ce que c'est/c'est/comment/combien/pourquoi/où*. Verbos (presente de indicativo) *aimer, savoir, connaître*. Revisión do vocabulario da clase e do instituto. A negación (*ne...pas*). As cores (revisión). Os números (revisión). O futuro próximo con *aller*+infinitivo (revisión). Vocabulario básico da informática e dos ordenadores. Expresar o que nos gusta.

O noso entorno: describir a nosa casa, as habitacións: *il y a ...* Expresar a frecuencia (*deux fois par mois, tous les jours, jamais...*). Contar feitos do pasado: O *passé composé* (*j'ai fait, je suis allé*); os adverbios de tempo (*hier*). Actividades e pasatempos. Os pronomes COD: *le, la, l', les*. As preposicións de lugar: *en face de, sur, dans...* Os ordinais.

Dar consellos: *il faut...* A meteoroloxía. Falar por teléfono (*Allô! / C'est de la part de qui? / Ne quitte pas...*). Expresar o desacordo. As hipóteses con *si* +presente/futuro (*s'il pleut, j'irai au cinéma*). O futuro simple. Verbo *faire*+*du, de la, de l', des* + actividades. Os medios de transporte e as preposicións (*en bus, à pied...*). Os adverbios de intensidade: *très, peu, assez, trop*.

## 2ª Avaliación: Unidades 4- 5-6

Describir a roupa. Comparar obxectos (*plus, moins, aussi/que*). Preguntar o precio das cousas (*Combien coûte..?*). A cantidade. A cociña e as comidas: describir unha receita. Os pronomes COI (*lui, leur*). Verbos *choisir, finir* (presente de indicativo). O plural de nomes e adxectivos. Os artigos partitivos (*du, de la, de l', des*). O pronome *en*. Os números (revisión).

Indicar un itinerario. O imperativo afirmativo e negativo. O pronome COD (*le, l', la,*

les). Situar no espazo (*tout droit, à gauche, là-bas, derrière...*). Verbos de movemento: *aller, venir, arriver, partir, continuer...* Expresar a causa. Desculparse. Os relativos *qui, que, qu', où*. O pronome *y*. Vocabulario da natureza (*animaux, fleurs, arbres...*).

Contar algo do pasado: *passé composé* con *avoir* e *être* (*j'ai fait, je suis allé, je me suis levé*). O imperfecto de indicativo. Verbos *pouvoir, vouloir* (presente). Expresar desexos co condicional (*j'aimerais...*). Vocabulario das vacacións.

### **3º ESO. Francés pendiente (libro de texto: Merci 3. Ed. Anaya)**

#### 1ª Avaliación: Unidades 1-2-3

Falar das vacacións. Describir unha paisaxe. Falar de deportes e pasatempos. Falar dos estudos e do instituto: o vocabulario da clase. O *passé composé*. As preposicións + países, cidades, illas (*à, au, en, aux*). A comparación (*plus, moins, aussi...que*). O verbo *faire*+actividades (*faire du rafting*).

Expresar o acordo e o desacordo. Dar a nosa opinión (*Je pense/Je crois/À mon avis...*). Describir persoas. Expresar obrigas (*il faut*). O presente continuo (*être en train de*+infinitivo) e o pasado recente (*venir de*+infinitivo) e o futuro próximo (*aller*+infinitivo). A posesión (adxectivos e pronomes posesivos). Os deportes.

Formular desexos (*j'aimerais*). Comparativos e superlativos. Expresión dos sentimentos (*c'est génial!*). O futuro simple. Os relativos *qui, que, qu', dont, où*.

Os pronomes demostrativos (*celui...*). Expresión da oposición (*pourtant, cependant, par contre...*). Adverbios en *-ment*. Nomes de países e continentes. Vocabulario da música.

## 2ª Avaliación: Unidades 4-5-6

Propoñer (on pourrait...). Contar unha historia. O condicional: expresar desexos (*j'aimerais...*) e hipóteses (*Et si on téléphonait..?*). Vocabulario relacionado coas viaxes e o turismo. Vocabulario dos medios informativos (*reportage, article, émission...*).

Contar o que di outra persoa: discurso indirecto. Describir unha cidade. Indicar o camiño. A localización espacial (*Elle se trouve en face de/ à l'est...*). Vocabulario da ecoloxía (*recycler, l'environnement, la planète...*). Os comercios, os comerciantes (*la boucherie-le boucher, la librairie-le libraire...*) e os produtos (*la viande, les livres...*).

Contar experiencias de viaxes. Expresar a oposición: *mais, cependant, en revanche*. *Quand*+futuro. Os pronomes COD e COI de 3ª persoa. Os indefinidos (*personne, quelqu'un, plusieurs...*). Vocabulario básico do cine (*écran, film, comédie, acteur...*).

**Plan de reforzo do alumnado repetidor:** o alumnado que se atope nesta situación será obxecto dun seguimento específico unha vez se obteña información razoada sobre as circunstancias que provocaron esa repetición a través dunha entrevista persoal e/ou co departamento de orientación, titor, profesorado, etc.

Como a casuística é variada, o profesor adoptará as medidas de reforzo necesarias para que o alumnado siga con normalidade a programación ou amplíe coñecementos a través de actividades de ampliación se se tratara dun alumno que, pese a repetir, ten superada a materia de francés no ano anterior.

## **11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.**

No primeiro curso da ESO o alumnado chega por primeira vez ao instituto e por primeira vez a esta materia. O profesorado debe ser consciente do cambio importante que supón para eles e estar moi atento a calquera signo que delate o seu malestar.

No caso do Francés en 1º Eso, onde os alumnos empezan de cero na materia, non se establece unha avaliación inicial en Francés pero sí é o momento de detectar as carencias nas linguas maternas que poderían dificultar enormemente a aprendizaxe dunha Segunda Lingua.

Nos estándares que teñen que ver coa reflexión sobre a propia lingua debemos detectar esas carencias e poñelas en evidencia durante a avaliación inicial onde se valorarán os casos e se procederá a establecer as intervencións necesarias que, en último instancia, levarán á posibilidade da exención na 2º Lingua para que o alumno adique máis tempo ao reforzo das linguas maternas.

A exención proposta polo departamento na sesión de avaliación inicial programada para finais de setembro debe ser consensuada pola xunta de avaliación, aprobada polo Departamento de Orientación e aceptada polas familias.

En 2º ESO farase unha revisión dos EA mínimos establecidos para 1º ESO e detectaranse as carencias que deberán ser reforzadas ao longo do curso.

No caso de 3º ESO e 4º ESO farase unha revisión dos estándares correspondentes ao nivel inferior e detectaranse as carencias do alumnado que escolle voluntariamente esta materia e que, en caso de non ter os suficientes coñecementos para afrontar o nivel requerido para acceder a 3º ou 4º ESO, deberá decidir se a opción dunha Segunda Lingua é a máis axeitada.

Se, aínda así, persiste na súa elección o profesor artellará medidas de reforzo dende o comezo (fichas de repaso, exercicios de cursos anteriores, lecturas de apoio....) para intentar que o alumno acade os seus obxectivos.

Xa que se establece un nivel mínimo para a calibraxe dos diferentes niveis, as probas de avaliación inicial deberían estar baseadas nos niveis do MCER marcadas para o

curso anterior.

1º ESO : A1 (40/100)

2º ESO : A2 (30/100)

3º ESO : A2 (50/100)

4º ESO : B1 (50/100)

## **12. Medidas de atención á diversidade**

Ante as diferenzas no proceso de aprendizaxe que se dan entre os 30 alumnos dunha clase o ideal sería artellar desdobres que permitiran unha atención de maior calidade. De non ser posible, o recurso de aproveitar mesmo os recreos para complementar e reforzar o traballo con alumnos con dificultades ou con altas capacidades que sobresaen da media da aula ven sendo, xunto con fichas de reforzo ou libros voluntarios, a maneira que ten o profesorado de intentar cubrir as diferentes necesidades do alumnado.

Estas medidas poderán ser organizativas, e serán as administracións educativas as que as artellarán, ou curriculares. Neste sentido teremos en conta o artigo 26.6 da lei orgánica 2/2006 onde se regulan as medidas de flexibilidade e alternativas metodolóxicas para alumnado con discapacidade.

No caso do Departamento de Francés se algún alumno tivera algunha discapacidade que afectara á expresión oral, por exemplo, habería que adaptar os estándares de aprendizaxe ás súas características sen que iso fora en perxuízo da cualificación final.

Os estudantes manifestan unha grande diversidade de intereses, motivacións, capacidades e estilos de aprendizaxe. Hai estudantes reflexivos (detéñense na análise dun problema) e estudantes impulsivos (responden moi rapidamente); estudantes analíticos (pasan lentamente das partes ao todo) e estudantes sintéticos (abordan o tema desde a globalidade); uns traballan durante períodos longos e outros necesitan descansos; algúns necesitan un reforzo continuo e outros non; hai os que prefiren traballar sós e hainos que prefiren traballar en pequeno ou gran grupo.

O Departamento de Francés ten en conta esa diversidade expoñendo a información de diferentes formas, utilizando os recursos que se ofrecen na rede e ofrecendo unha grande tipoloxía de actividades.

Ademais, propóñense as seguintes medidas para dar resposta á diversidade:

- Detectar as ideas previas mediante, por exemplo, diálogos na aula ou debates, que permitirán que o docente coñeza aos estudantes e eles, a si mesmos.
- Repasar as nocións estudadas con regularidade e resolver os problemas detectados, seguindo a metodoloxía en espiral.
- Realizar numerosas e diversas actividades que combinen as resolucións individuais e en pequeno e gran grupo, e a oralidade e o escrito.
- Utilizar recursos gráficos, dixitais, visionado de películas, etc.
- Usar o resumo da unidade como unha forma de autoavaliación.

### **13. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso.**

O artigo 4 do decreto 86/2015 establece que todas as disciplinas deben traballar conxuntamente os elementos transversais seguintes que o noso Departamento traballa constantemente e asume na súa integridade:

1. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

2. A consellería con competencias en materia de educación fomentará o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de

conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia. A programación docente debe abranguer en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

3. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

4. No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

Todos estes elementos transversais serán traballados constantemente na aula pero sobre todo nos **Jeux de rôle** e nas **Simulations** que permiten crear situación de realidade onde o alumnado expresa a súa personalidade e, polo tanto, pon de relevo os prexuízos sociais que deben ser cuestionados constantemente sen acritude pero con firmeza.

Tamén as cancións e os documentos auténticos da prensa escrita e da televisión permiten un debate sobre estes elementos transversais que a Lomce especifica.

## **14. Actividades complementarias e extraescolares.**

No 4º da E.S.O o alumnado presentárase voluntariamente ás **probas do DELF** que terán lugar a comezos do mes de maio, fóra do horario escolar pero no propio Centro, posto que os profesores da Alliance Française son os que se desprazan desde Vigo para realizar estes exames.

Como xa é tradición desenvolverase o proxecto **“J’apprends, you learn: aprendemos”**, en colaboración coa EEI Crespo Rivas, e tamén varios proxectos eTwinning.

Dispostos de auxiliar de conversa que traballará sobre todo co alumnado de 4º ESO e 1º Bac, pero tamén colaborará no resto de grupos e na extensión do CGTD se o horario o permite.

Realizaranse saídas ás exposicións, representacións de teatro ou proxeccións de películas relacionadas con Francia, os países francófonos ou a lingua francesa que teñan lugar na nosa cidade ou perto dela, cando o Departamento considere que as actividades sexan interesantes para os nosos alumnos e supoñan un enriquecemento no coñecemento da lingua ou da cultura e civilización francesas.

## **15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.**

Nas reunións de departamento establecidas os profesores da materia analizarán con detalle os desaxustes, en caso de se produciren, da programación e procederán á súa corrección. Unha programación debe ser suficientemente flexible para adaptarse á realidade das aulas.

Farase un estudo estadístico dos resultados académicos nos diferentes niveis e acordaranse as medidas correctoras necesarias sobre todo se o índice de suspensos

supera o 25 %, xa que un índice elevado de aprobados significará necesariamente unha boa adecuación da programación á realidade das aulas. Os aspectos básicos sometidos a avaliación serán :

- As aprendizaxes logradas polo alumnado.
  
- As medidas de individualización da ensinanza con especial atención ás medidas de apoio e reforzo utilizadas.
  
- A programación e o seu desenvolvemento e, en particular, as estratexias de ensinanza, os procedementos de avaliación do alumnado, a organización da aula e o aproveitamento dos recursos do centro.
  
- A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado con altas capacidades intelectuais e con necesidades educativas especiais.
  
- A relación co alumnado, así como o clima de convivencia.
  
- A coordinación co resto de profesores de cada grupo e no seo do departamento.
  
- As relacións co titor ou a titora e, no seu caso, coas familias.

III

**DEPARTAMENTO DE FRANCÉS**

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA  
BACHARELATO**

**CURSO ACADÉMICO 2022-23**

**IES SÁNCHEZ CANTÓN PONTEVEDRA**

## ÍNDICE

<b>1</b>	<b>INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN</b>	<b>184</b>
<b>2</b>	<b>CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE</b>	<b>184</b>
<b>3</b>	<b>OBXECTIVOS. OBXECTIVOS XERAIS. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS: 2º ESO, 4º ESO</b>	<b>189</b>
<b>4</b>	<b>CONTIDOS. TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS: 2º ESO, 4º ESO.</b>	<b>191</b>
<b>5</b>	<b>CONCRECIÓN PARA CADA ESTANDAR DE APRENDIZAXE DE TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>198</b>
<b>5.1.</b>	<b>2º BACH</b>	
	a. Temporalización	
	b. Grao mínimo de consecución para superar a materia	
	c. Procedementos e instrumentos de avaliación	
<b>6.</b>	<b>CONCRECIÓN METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA</b>	<b>253</b>
<b>7.</b>	<b>MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	<b>255</b>
<b>8.</b>	<b>CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO</b>	<b>255</b>
<b>9.</b>	<b>INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE</b>	<b>261</b>
<b>10.</b>	<b>ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE</b>	<b>262</b>
<b>11.</b>	<b>DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS</b>	<b>266</b>
<b>12.</b>	<b>MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b>	<b>266</b>
<b>13.</b>	<b>CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO</b>	<b>267</b>
<b>14.</b>	<b>ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES</b>	<b>269</b>
<b>15.</b>	<b>MECANISMOS DE REVISIÓN. AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTIC</b>	<b>269</b>

## 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A materia de Francés Segunda Lingua Estranxeira forma parte das materias específicas e optativas dentro do Bacharelato.

O Tratamento Integrado das Linguas parécenos fundamental á hora de afrontar a Competencia Lingüística do alumnado. É pois un obxectivo para este Departamento coordinarse durante este curso que comeza cos outros departamentos lingüísticos tal como expresa a Lomce.

Remitímonos á Introducción da programación Lomce para ESO onde se expresa a filosofía que enfoca a Segunda Lingua Estranxeira na Lei de Educación así como as características do alumnado do Sánchez Cantón.

Os resultados académicos no Bacharelato acadaron no curso pasado o 100% de aprobados.

## **2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolle a relación de estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.**

As competencias clave identifícanse coa capacidade de poñer en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diversas, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas. O concepto de competencia inclúe tanto os saberes como as habilidades e as actitudes e vai mais alá do saber e do saber facer, incluíndo o saber ser ou estar. Son aquelas competencias que debe desenvolver un mozo ou unha moza ó finalizar o ensino obrigatorio para poder lograr a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de xeito satisfactorio e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ó longo da vida.

En liña coa Recomendación 2006/962/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2006, sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente, o Real decreto 1105/2014, baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares para propiciar unha renovación na práctica docente e no proceso de ensino e aprendizaxe.

Propóñense novos enfoques na aprendizaxe e avaliación, que deben supoñer un importante cambio nas tarefas que deben resolver os alumnos e formulacións metodolóxicas innovadoras. A competencia supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións, e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz. Considéranse, pois, como coñecemento na práctica, un coñecemento adquirido a través da participación activa en prácticas sociais que, como tales, se poden desenvolver tanto no contexto educativo formal, a través do currículo, como nos contextos educativos non formais e informais.

As competencias, polo tanto, conceptualízanse como un «saberfacer» que se aplica a unha diversidade de contextos académicos, sociais e profesionais. Para que a transferencia a distintos contextos sexa posible resulta indispensable unha comprensión do coñecemento presente nas competencias, e a vinculación deste coas habilidades prácticas ou destrezas que as integran.

A aprendizaxe por competencias favorece os propios procesos de aprendizaxe e a motivación por aprender, debido á forte interrelación entre os seus compoñentes: o concepto apréndese de forma conxunta ao procedemento de aprender o devandito concepto.

Adóptase a denominación das competencias clave definidas pola Unión Europea. Considérase que «as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego». Identifícanse sete competencias clave esenciais para o benestar das sociedades europeas, o crecemento económico e a innovación, e descríbense os coñecementos, as capacidades e as actitudes esenciais vinculadas a cada unha delas.

Tal e como se describe na LOMCE, todas as áreas ou materias do currículo deben participar no desenvolvemento das distintas competencias do alumnado. Estas, de acordo coas especificacións da lei, son:

### **1.º Comunicación lingüística ( CCL)**

Esta competencia que aparece en todas e cada unha das unidades didácticas contribúe ao desenvolvemento da motivación a través dos coñecementos, habilidades e actitudes propios para adoptar decisións, escoitar ler ou expresarse ao oral ou por escrito con interese.

Esta competencia implica o dominio da lingua oral e escrita nos seus múltiples contextos. No traballo de aula, esta competencia encóntrase en actividades de tipo vocabulario, gramaticais, expresión oral e escrita, escoitas, etc.

### **2.º Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía(CMCT).**

Esta competencia pretende utilizar de forma espontánea os elementos e os razoamentos matemáticos para interpretar e producir información, para resolver problemas da vida diaria, para comprender e poder expresarse en linguaxe matemática e científica.

Nas nosas unidades didácticas, estas competencias aparecen reflectidas na aprendizaxe das cifras e as súas operacións matemáticas, os prezos.

### **3.º Competencia dixital ( CD)**

Con esta competencia, trátase de dotar o alumno das habilidades para buscar, obter e tratar e comunicar información. Este tratamento da información é fundamental para converternos en individuos autónomos, eficaces e críticos no momento de seleccionar, verificar e utilizar a información.

No traballo diario de aula os alumnos adquirirán a competencia dixital a través da utilización de recursos dixitais postos á súa disposición (libro dixital interactivo) así como a busca de información nas actividades propostas.

O noso instituto dispón de ordenadores( no caso de 1º e 2º trátanse de aulas ABALAR) e pantallas dixitais que facilitan o desenvolvemento desta competencia.

### **4.º Aprender a aprender( CCAA).**

Esta capacidade presupón que o alumno dispón de habilidades para comezar a aprender e continuar a aprender de xeito cada vez máis autónoma e eficaz. Nela, inclúese as estratexias para cooperar, autoavaliarse e xestionar os recursos e as técnicas de traballo individual.

O método escollido polo Departamento( Merci, Anaya) posibilita a adquisición desta competencia a través do traballo individualizado do Caderno de actividades, do Caderno de atención á diversidade, do Caderno de avaliacións, as probas DELF e o Portfolio.

### **5.º Competencias sociais e cívicas ( CSC).**

Esta competencia trata de comprender a realidade social na que vivimos, de facer fronte á resolución de conflitos utilizando os valores e as prácticas democráticas, exercendo a cidadanía, contribuíndo á construción da paz e da democracia, e mantendo unha actitude construtiva, solidaria e responsable cara ao exercicio dos dereitos e obrigas cívicas.

Desenvolveremos esta competencia grazas ao descubrimento polos alumnos de culturas e nacionalidades diferentes á propia.

### **6.º Sentido de iniciativa e espírito emprendedor(CIEE).**

Esta competencia fai referencia á responsabilidade, a perseveranza, o coñecemento e a autoestima, a creatividade, a autocrítica e o control emocional. Trátase de recoñecer que temos a capacidade para imaxinar, desenvolver e avaliar accións e proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza e responsabilidade crítica.

O desenvolvemento desta competencia realizarase a través das actividades de memorización, resumo de ideas, organización da información e expresións orais. Todos estes elementos aparecen igualmente recollidos no Portfolio.

### **7.º Conciencia e expresións culturais (CCEC).**

Esta competencia implica un coñecemento básico das diferentes manifestacións culturais, unha actitude aberta, respectuosa e crítica fronte á diversidade de expresións culturais.

Traballamos esta competencia a través da moda, o deporte, a música, as cidades francófonas que aparecen ao longo das nosas unidades didácticas.

## **COMPETENCIAS ESENCIAIS: DESCRITORES E PROPOSTA PEDAGÓXICA**

Competencia	Descriptor	Desempeño
-------------	------------	-----------

<i>Comunicación lingüística</i>	Ser progresivamente competente na expresión e comprensión das mensaxes orais que se intercambian en situacións comunicativas diversas.	Responde preguntas sobre o contido dos documentos da unidade.
	Ter unha actitude favorable cara á lectura.	Le textos da unidade.
	Expresarse oralmente de xeito apropiado e con coherencia.	Fai preguntas e comunícase cos demais correctamente e de xeito apropiado.
	Empregar os procedementos lingüísticos para representar, interpretar e comprender a realidade.	Redacta explicacións tendo en conta a ortografía e as estruturas sintácticas.
	Respectar as normas de comunicación en diferentes contextos.	Ten unha actitude correcta, tanto para facer preguntas como para responder as preguntas dos compañeiros.
<i>Competencia dixital</i>	Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento de traballo intelectual para informarse, aprender e comunicarse.	Utiliza diferentes recursos para afondar nun tema determinado.
<i>Conciencia e expresións culturais</i>	Coñecer, comprender, apreciar e valorar diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e gozo e considéralas como parte do patrimonio dos pobos.	Mostra respecto cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	Valorar as diferenzas e recoñecer a igualdade de dereitos	Aplica os dereitos e deberes da convivencia no contexto da escola.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	Autonomía persoal	É constante no traballo superando as dificultades.
	Creatividade	Xera novas posibilidades a partir dos coñecementos dun tema tratado na clase.
	Aplicar as estratexias para mellorar o pensamento creativo, crítico,	Aplica os coñecementos adquiridos para analizar e

	emocional.	comentar os textos da unidade co fin de crear novos textos.
--	------------	---

### **3.Obxectivos.**

O artigo 26 do Decreto 8672015 establece que o bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a

lingua castelá.

Todos este obxectivos aparecen debidamente asociados aos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe previstos para este nivel e aos que nos remitimos pero ademais como obxectivos específicos de comunicación establecemos os seguintes seguindo o libro de texto **Soda** (Anaya):

1º Bac (Lomloe, Proens)

## 2º BAC

1º Trimestre

- presentarse
- describir os seus intereses
- contar as súas vacacións
- dar os seus horarios, as súas conviccións
- decir se gusta ou se non gusta
- comentar unha canción

2º trimestre

- expresar prohibición
- expresar posibilidade,
- permiso
- dar algunhas explicacións de verdades universais
- analizar algúns cambios na sociedade
- previr
- comprender o esencial dunha emisión de radio
- comprender algúns textos redactados en lingua corrente

- expresar o punto de vista

### 3º Trimestre

- dar algúns consellos,
- prohibir
- argumentar
- debatir
- tomar posición sobre un tema
- razoar argumentando, comparar
- formular algunhas hipóteses
- especular

## 4. Contidos. Temporalización dos contidos.

O desenvolvemento dos contidos no presente proxecto de Segunda Lingua Estranxeira no Bacharelato segue as directrices establecidas na actualidade polas administracións educativas.

Os contidos estruturáronse en cinco grandes bloques que determinan as principais destrezas que os alumnos e alumnas han de adquirir. Os contidos son necesarios para alcanzar os estándares de aprendizaxe e son considerados como contidos competenciais, isto é, todo aquilo que o estudante debe de forma simultánea saber, saber utilizar e saber incorporar ao seu perfil de competencias:

- **Bloque 1, Comprensión de textos orais:** este bloque está dedicado á adquisición de estratexias e aprendizaxes básicas para unha correcta comprensión da lingua estranxeira na linguaxe oral. Deste modo, preténdese fomentar a escoita activa de textos orais, así como o fomento da comprensión da lingua estranxeira.
<b>Estrategias de comprensión:</b> - Identificación de un artículo - Formulación de hipótesis sobre el contenido y el contexto - Aspectos socioculturales y sociolingüísticos - Intercambio de informaciones y de convicciones <b>Funciones comunicativas:</b> - Comparar - Formular algunas hipótesis y especular <b>Estructuras sintáctico-discursivas</b> - El léxico de la revolución de los transportes (coche eléctricos), Vélib, la tele en 3D, el turismo espacial	13. Identificar la información esencial en textos sobre la revolución de los transportes (coche eléctricos), Vélib, la tele en 3D, el turismo espacial.	13. Identifica la información esencial en textos sobre la revolución de los transportes (coche eléctricos), Vélib, la tele en 3D, el turismo espacial.	CCL
	14. Conocer y saber utilizar las estrategias apropiadas para comprender el sentido general de un artículo.	14. Conoce y sabe utilizar las estrategias apropiadas para comprender el sentido general de un artículo.	AA
	15. Conocer y utilizar los aspectos sociolingüísticos relativos a los nuevos modos de transporte: Vélib, Autolib y el ETT.	15. Conoce y utiliza los aspectos sociolingüísticos relativos a los nuevos modos de transporte: Vélib, Autolib y el ETT.	CEC
	16. Distinguir las funciones comunicativas, como comparar, formular algunas hipótesis y especular.	16. Distingue las funciones comunicativas, como comparar, formular algunas hipótesis y especular.	CCL CEC AA CSYC SIEP

<ul style="list-style-type: none"> <li>- <i>Se faire faire...</i></li> <li>- El subjuntivo para la expresión de los sentimientos</li> <li>- La puesta en relieve: <i>ce que/qui, c'est que/qui, c'est moi qui/que...</i></li> <li>- La oposición y la concesión: <i>pourtant, malgré</i></li> <li>- La expresión de la duración (<i>pendant/depuis</i>) y del momento (<i>dans/il y a</i>)</li> <li>- Los sonidos [e] / [ɛ] / [œ] / [ø]</li> <li>- Las diferentes grafías del sonido [f] [r]</li> </ul>	<p>17. Aplicar a la comprensión escrita los conocimientos de <i>se faire faire...</i>, el subjuntivo para la expresión de los sentimientos, la puesta en relieve: <i>ce que/qui, c'est que/qui, c'est moi qui/que...</i>, la oposición y la concesión: <i>pourtant, malgré</i>, la expresión de la duración (<i>pendant/depuis</i>) y del momento (<i>dans/il y a</i>), los sonidos [e] / [ɛ] / [œ] / [ø], las diferentes grafías del sonido [f] [r].</p>	<p>17. Aplica a la comprensión escrita los conocimientos de <i>se faire faire...</i>, el subjuntivo para la expresión de los sentimientos, la puesta en relieve: <i>ce que/qui, c'est que/qui, c'est moi qui/que...</i>, la oposición y la concesión: <i>pourtant, malgré</i>, la expresión de la duración (<i>pendant/depuis</i>) y del momento (<i>dans/il y a</i>), los sonidos [e] / [ɛ] / [œ] / [ø], las diferentes grafías del sonido [f] [r].</p>	<p>CCL AA</p>
---	---	--	-------------------

Contenidos	Criterios de evaluación	Estándares de aprendizaje evaluables	CC
<b>PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORALES: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN</b>	<b>PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORALES: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN</b>	<b>PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORALES: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN</b>	
<b>Estrategias de producción:</b> Planificación: - Movilizando y coordinar las competencias generales y comunicativas para realizar correctamente la tarea Ejecución: - Expresión del mensaje con claridad siguiendo de los modelos <b>Funciones comunicativas:</b> - Comparar - Formular algunas hipótesis y especular <b>Estructuras sintáctico-discursivas</b> - El léxico de la revolución de los transportes (coche eléctricos), Vélib, la tele en 3D, el turismo espacial	18. Producir textos breves en un registro formal o informal.	18. Produce textos breves en un registro formal o informal.	CCL
	19. Conocer y aplicar las estrategias más apropiadas para enviar un correo al alcalde.	19. Conoce y aplica las estrategias más apropiadas para enviar un correo al alcalde	AA
	20. Incorporar a la producción del texto escrito los conocimientos socioculturales y sociolingüísticos relativos a los nuevos modos de transporte: Vélib, Autolib y el ETT.	20. Incorpora a la producción del texto escrito los conocimientos socioculturales y sociolingüísticos relativos a los nuevos modos de transporte: Vélib, Autolib y el ETT.	CEC
	21. Conocer y utilizar el léxico para escribir acerca de la revolución de los transportes (coche eléctricos), Vélib, la tele en 3D, el turismo espacial.	21. Conoce y utiliza el léxico para escribir acerca de la revolución de los transportes (coche eléctricos), Vélib, la tele en 3D, el turismo espacial.	CCL

<ul style="list-style-type: none"> <li>- <i>Se faire faire...</i></li> <li>- El subjuntivo para la expresión de los sentimientos</li> <li>- La puesta en relieve: <i>ce que/qui, c'est que/qui, c'est moi qui/que...</i></li> <li>- La oposición y la concesión: <i>pourtant, malgré</i></li> <li>- La expresión de la duración (<i>pendant/depuis</i>) y del momento (<i>dans/il y a</i>)</li> <li>- Los sonidos [e] / [ɛ] / [œ] / [ø]</li> <li>- Las diferentes grafías del sonido [f] [r]</li> </ul>	<p>22. Mostrar un buen control de <i>se faire faire...</i>, el subjuntivo para la expresión de los sentimientos, la puesta en relieve: <i>ce que/qui, c'est que/qui, c'est moi qui/que...</i>, la oposición y la concesión: <i>pourtant, malgré</i>, la expresión de la duración (<i>pendant/depuis</i>) y del momento (<i>dans/il y a</i>), los sonidos [e] / [ɛ] / [œ] / [ø], las diferentes grafías del sonido [f] [r] para organizar el discurso de forma simple pero eficaz.</p>	<p>22. Muestra un buen control de <i>se faire faire...</i>, el subjuntivo para la expresión de los sentimientos, la puesta en relieve: <i>ce que/qui, c'est que/qui, c'est moi qui/que...</i>, la oposición y la concesión: <i>pourtant, malgré</i>, la expresión de la duración (<i>pendant/depuis</i>) y del momento (<i>dans/il y a</i>), los sonidos [e] / [ɛ] / [œ] / [ø], las diferentes grafías del sonido [f] [r] para organizar el discurso de forma simple pero eficaz.</p>	<p>CCL AA</p>
	<p>23. Efectuar las funciones comunicativas, como comparar, formular algunas hipótesis y especular.</p>	<p>23. Efectúa las funciones comunicativas, como comparar, formular algunas hipótesis y especular.</p>	<p>CCL CEC AA CSYC SIEP</p>
	<p>24. Saber utiliza el procesador de texto para corregir algunas faltas en textos en formato electrónico y se adapta a los convenios de la escritura sobre internet.</p>	<p>24. Sabe utilizar el procesador de texto para corregir algunas faltas en textos en formato electrónico y se adapta a los convenios de la escritura sobre internet.</p>	<p>CD SIEP AA</p>
	<p>25. Rellenar un cuestionario.</p>	<p>25. Rellena un cuestionario.</p>	<p>CCL SIEP</p>

Aínda que se establecen estándares de aprendizaxe específicos para cada trimestre todos eles serán traballados en maior ou menor medida ao longo dos tres trimestres e, especialmente, no último onde todos os estándares deberán estar adquiridos para afrontar a avaliación final.

## **B.Grao mínimo de consecución para superar a materia.**

Cada estándar de aprendizaxe establecido será cualificado de 1 a 10. O

grao mínimo de consecución de cada estándar será de **5** puntos, de tal

xeito que se superará a materia en cada trimestre sempre e cando todos os estándares de aprendizaxe previstos para cada trimestre sexan superados cun mínimo de 5 puntos.

Para que ese 50% de cada estándar sexa acadado o alumnado deberá adquirir os contidos mínimos esixibles para 2º Bac :

Os pronomes relativos *qui* e *que*

Os pronomes demostrativos

O lugar do adxectivo

O condicional presente

Os pronomes interrogativos

Os pronomes relativos *où* e *dont* O comparativo e o superlativo Os pronomes posesivos

O condicional presente (a hipótese con *si*)

Os adxectivos indefinidos

Os pronomes *en* e *y*

Os pronomes indefinidos

*Devoir*+ infinitivo

O subxuntivo presente

Os tempos da narración: presente, pasado composto e imperfecto

Formación dos adverbos en *-ment* *Ne... que*

Os indicadores de tempo: *depuis, il y a*

A negación

A expresión da causa

O xerondivo

A concordancia do participio pasado.

O pluscuamperfecto

Os dobles pronomes

O relato contado en presente

A oposición e a concesión

*Ce qui, ce que*

Indicativo ou subxuntivo

As construcións impersonais

*Avant de* + infinitivo presente

*Après* + infinitivo pasado

O futuro anterior

O relato contado no pasado: concordancia dos tempos

Formación da forma pasiva

Formación dunha frase nominal

A expresión da consecuencia

### **C. Procedementos e instrumentos de avaliación.**

A Lomce establece que a avaliación no Bacharelato deberá ser **continua, formativa e integradora**. O alumnado deberá saber dende o comezo cales serán os criterios de avaliación e os estándares avaliados así como o tipo de probas que o levarán á súa consecución e a cualificación correspondente. Isto permitirá aos alumnos ser conscientes do seu proceso de aprendizaxe e adoptar as autocorreccións necesarias para acadar os seus obxectivos.

Os estándares de aprendizaxe serán avaliados seguindo os criterios de avaliación sinalados no cadro correspondente establecido pola Consellería.

Evidentemente o bloque 1 será avaliado a través de probas orais e os demais poderán ser avaliados a través de probas escritas, orais ou mixtas.

Cada profesor do departamento elaborará as probas escritas e orais pertinentes para a cualificación do alumnado.

Tipos de probas :

- a) Proba escrita de verbos.
- b) Proba escrita de gramática, léxico, sintaxe.
- c) Proba ABAU : Comprensión escrita, Coñecementos lingüísticos e Producción escrita, seguindo os criterios de corrección da CIUG.

O número de probas realizadas en cada trimestre será polo menos de unha de cada tipo.

A nota do trimestre será o resultado da suma da nota da proba ABAU, máis 1 punto pola proba escrita de gramática, léxico e sintaxe, máis 1 punto pola proba de verbos, se é apta, máis 1 punto polo traballo diario e constante na casa e na aula e máis 1 punto polo dossier de clase.

**Nota do trimestre = Nota da proba ABAU + 1 punto pola proba escrita de gramática, léxico e sintaxe proba escrita + 1 punto pola proba de verbos + 1**

**punto polo traballo diario na casa e na clase + 1 punto polo dossier de clase.**

A nota final de xuño poderase obter de dúas maneiras optando sempre pola que máis favoreza ao alumnado :

1. Será o resultado da **media ponderada das 3 avaliacións**:

1ª avaliación : 30%

2ª avaliación : 30%

3ª avaliación : 40%

2. Xa que a aprendizaxe dunha lingua debe facerse dun xeito continuo, acumulativo e non compartimentado e seguindo a **metodoloxía en espiral** (en lugar de tratar de dominar un tema dunha soa vez, a aprendizaxe en espiral ensina un concepto de forma gradual e repetida, reforzando os conceptos ao longo do tempo. A idea é que cada vez que un alumno se atope co tema amplía os seus coñecementos ou mellora o seu nivel de habilidade.), os resultados da 3ª avaliación serían os máis significativos, de tal xeito que **a nota da 3ª avaliación sería a nota final tendo en conta a constancia, o esforzo e a evolución do alumnado na aprendizaxe da lingua.**

O alumnado que non obteña o aprobado en cada trimestre terá dereito a unha **proba de recuperación por avaliación**. No caso de que, aínda así, suspendera algún dos trimestres, ou todos, o alumnado terá a posibilidade de aprobar a materia nunha **Proba final no mes de xuño**.

O alumnado de 2º Bacharelato deberá, polo menos, acadar a final de curso o nivel requerido para **aprobar a ABAU** e esta será a proba de calibraxe que se utilizará para garantir que todo o alumnado se atopa en condicións de afrontala.

Os resultados de cada proba descrita así como a observación directa na aula permitirán ao profesor cubrir finalmente **as rúbricas de avaliación final** por cada unidade traballada onde se marcará a adquisición de cada EA establecido a través dunha escala

que irá do 0 ao 10, sendo o 5 o mínimo que permita una avaliación positiva.

No caso de ausencia xustificada do alumnado por motivos de saúde (Covid, etc...) o profesorado adaptará os instrumentos de avaliación a través do soporte online (Webex, aula virtual, etc...).

## **6. Concrecións metodolóxicas que require a materia. Materiais e recursos didácticos que se van utilizar.**

A Lomce establece como principios metodolóxicos xerais para o Bacharelato os seguintes:

### *Artigo 27. Principios metodolóxicos*

1. Os centros docentes implementarán metodoloxías que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e as súas características individuais e/ou estilos de aprendizaxe, co fin de conseguir que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento das súas capacidades. Así mesmo, estas metodoloxías deberán favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e promover o traballo en equipo, e para aplicar métodos de investigación apropiados.

2. A metodoloxía que se utilice no bacharelato favorecerá o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido.

3. As tecnoloxías da información e da comunicación serán unha ferramenta necesaria para a aprendizaxe en todas as materias, tanto polo seu carácter imprescindible na educación superior como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral.

4. A consellería con competencias en materia de educación promoverá as medidas necesarias para que as habilidades de comprensión de lectura e de uso da información, a expresión escrita e a capacidade de se expresar correctamente en público se traballen polo profesorado en todas as materias. O alumnado de bacharelato debe adquirir, ademais, un manexo adecuado da información en diferentes soportes e procedente de distintas fontes, incluída a biblioteca escolar, en liña co concepto de alfabetizacións múltiples.

5. Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos, aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe similares nas materias lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

6. A acción titorial e a orientación educativa e profesional terán un papel relevante nesta etapa. O/a profesor/a titor/a coordinará a intervención educativa do equipo docente e manterá unha relación permanente cos pais, coas nais ou cos titores e coas titoras legais, co fin de garantir o exercicio dos dereitos recoñecidos no artigo 4.1.d) e g) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.

En 2º de Bac o alumnado non terá libro de texto e será o profesorado o que decidirá en función da programación os textos e materiais pertinentes e de diversas procedencias.

## 7. Materiais e recursos didácticos

No caso de 2º Bac o alumnado non terá libro de texto e o profesorado aportará os diversos textos e material multimedia procedentes de diversas fontes incluídas os manuais do CIEP para a preparación do DELF e as probas ABAU.

Ademais o feito de ter ordenadores na aula e pantalla dixital permítenos traballar con diferentes sitios internet adecuados para o ensino da Lingua e que favorecen a motivación do alumnado : tv5, rfi, Le monde, Libération, Okapi, etc...

Por outro lado Anaya ofrece unha plataforma dixital con recursos interesantes para desenvolver na aula.

O Departamento de Francés dispón dunha sección da biblioteca do centro onde o alumnado pode levar prestados libros de lectura e consulta, así como películas en versión orixinal.

## 8. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

A Lomce establece que a avaliación no Bacharelato deberá ser **continua, formativa e integradora**. O alumnado deberá saber dende o comezo cales serán os criterios de avaliación e os estándares avaliábeis así como o tipo de probas que o levarán á súa consecución e a cualificación correspondente. Isto permitirá aos alumnos ser conscientes do seu proceso de aprendizaxe e adoptar as autocorreccións necesarias para acadar os seus obxectivos.

Os estándares de aprendizaxe serán avaliados seguindo os criterios de avaliación sinalados no cadro correspondente establecido pola Consellería.

Evidentemente o bloque 1 será avaliado a través de probas orais e os demais poderán ser avaliados a través de probas escritas, orais ou mixtas.

Cada profesor do departamento elaborará as probas escritas e orais pertinentes para a cualificación do alumnado.

### **1ºBac (Lomloe, Proens)**

## 2º Bac

Tipos de probas :

- a) Proba escrita de verbos.
- b) Proba escrita de gramática, léxico, sintaxe.
- c) Proba **ABAU**: Comprensión escrita, produción escrita e coñecementos lingüísticos, segundo os criterios marcados pola CIUG.

O número de probas realizadas en cada trimestre será polo menos de unha de cada tipo.

A nota do trimestre será o resultado da suma da nota da ABAU, máis 1 punto pola proba escrita de gramática, léxico e sintaxe, máis 1 punto pola proba de verbos, se é apta, máis 1 punto polo traballo diario e constante na casa e na aula e máis 1 punto polo dossier de clase.

**Nota do trimestre = Nota da proba ABAU + 1 punto pola proba escrita de gramática, léxico e sintaxe proba escrita + 1 punto pola proba de verbos + 1 punto polo traballo diario na casa e na clase + 1 punto polo dossier de clase.**

A nota final de xuño poderase obter de dúas maneiras optando sempre pola que **máis favoreza ao alumnado** :

1. Será o resultado da **media ponderada das 3 avaliacións**:

1ª avaliación : 30%

2ª avaliación : 30%

3ª avaliación : 40%

2. Xa que a aprendizaxe dunha lingua debe facerse dun xeito continuo, acumulativo e non compartimentado e seguindo a **metodoloxía en espiral** (en lugar de tratar de

dominar un tema dunha soa vez, a aprendizaxe en espiral ensina un concepto de forma gradual e repetida, reforzando os conceptos ao longo do tempo. A idea é que cada vez que un alumno se atope co tema amplía os seus coñecementos ou mellora o seu nivel de habilidade.), os resultados da 3ª avaliación serían os máis significativos, de tal xeito que **a nota da 3ª avaliación sería a nota final tendo en conta a constancia, o esforzo e a evolución do alumnado na aprendizaxe da lingua.**

O alumnado que non obteña o aprobado en cada trimestre terá dereito a unha **proba de recuperación por avaliación**. No caso de que, aínda así, suspendera algún dos trimestres, ou todos, o alumnado terá a posibilidade de aprobar a materia nunha **Proba final no mes de xuño**.

O alumnado de 2º Bacharelato deberá, polo menos, acadar a final de curso o nivel requerido para **aprobar a ABAU** e esta será a proba de calibraxe que se utilizará para garantir que todo o alumnado se atopa en condicións de afrontala.

Resumo dos criterios :

<b>1. Criterios sobre a avaliación e cualificación</b>	
<b>1ª Avaliación</b>	<p>Cálculo da nota da 1ª avaliación:</p> <p><b>1ºBACH</b></p> <p><b>Nota do trimestre = Nota da proba DELF B2 + 1 punto pola proba escrita de gramática, léxico e sintaxe + 1 punto pola proba de verbos+ 1 punto polo traballo diario na casa e na clase + 1 punto polo dossier de clase.</b></p> <p><b>2º Bach</b></p> <p><b>Nota do trimestre = Nota da proba ABAU + 1 punto pola proba escrita de gramática, léxico e sintaxe proba escrita + 1 punto pola proba de verbos + 1 punto polo traballo diario na casa e na clase + 1 punto polo dossier de clase.</b></p>

	<p>Procedemento de recuperación da 1º avaliación:</p> <p>O alumnado poderá recuperar cada proba antes da entrega do boletín. Asimesmo, no caso de que non o presentara debidamente, deberá entregar o dossier de clase completo que acredite o traballo realizado na clase e na casa durante o trimestre.</p>
<b>2º Avaliación</b>	<p>Cálculo da nota da 2º avaliación:</p> <p><b>1º BACH</b></p> <p><b>Nota do trimestre = Nota da proba DELF B2+ 1 punto pola proba escrita de gramática, léxico e sintaxe + 1 punto pola proba de verbos+ 1 punto polo traballo diario na casa e na clase+ 1 punto polo dossier de clase.</b></p> <p><b>2º Bach</b></p> <p><b>Nota do trimestre = Nota da proba ABAU + 1 punto pola proba escrita de gramática, léxico e sintaxe proba escrita + 1 punto pola proba de verbos + 1 punto polo traballo diario na casa e na clase + 1</b></p>
	<p>punto polo dossier de clase.</p> <p>Procedemento de recuperación da 2º avaliación:</p> <p>O alumnado poderá recuperar cada proba antes da entrega do boletín. Asimesmo, no caso de que non o presentara debidamente, deberá entregar o dossier de clase completo que acredite o traballo realizado na clase e na casa durante o trimestre.</p>
	<p>Cálculo da nota da 3º avaliación:</p> <p><b>2º Bach</b></p> <p><b>Nota do trimestre = Nota da proba ABAU + 1 punto pola proba escrita de gramática, léxico e sintaxe proba escrita + 1 punto pola proba de verbos + 1 punto polo traballo diario na casa e na clase + 1 punto polo dossier de clase.</b></p>

<p><b>3º Avaluación</b></p>	
	<p>Procedemento de recuperación da 3º avaluación:</p> <p>O alumnado poderá recuperar cada proba antes da entrega do boletín. Asimesmo, no caso de que non o presentara debidamente, deberá entregar o dossier de clase completo que acredite o traballo realizado na clase e na casa durante o trimestre.</p>
<p><b>Cualificación final</b></p>	<p>Cálculo para obter a cualificación final de curso:</p> <p>A nota final de xuño poderase obter de dúas maneiras optando sempre pola que <b>máis favoreza ao alumnado</b> :</p> <p>1. Será o resultado da <b>media ponderada</b> das 3 avaluacións:</p> <p>1ª avaluación : 30%</p>
	<p>2ª avaluación : 30%</p> <p>3ª avaluación : 40%</p> <p>2. Xa que a aprendizaxe dunha lingua debe facerse dun xeito continuo, acumulativo e non compartimentado e seguindo a <b>metodoloxía en espiral</b> (en lugar de tratar de dominar un tema dunha soa vez, a aprendizaxe en espiral ensina un concepto de forma gradual e repetida, reforzando os conceptos ao longo do tempo. A idea é que cada vez que un alumno se atope co tema amplíe os seus coñecementos ou mellore o seu nivel de habilidade), os resultados da 3ª avaluación serían os máis significativos, de tal xeito que <b>a nota da 3º avaluación sería a nota final tendo en conta a constancia, o esforzo e a evolución do alumnado na aprendizaxe da lingua.</b></p>
<p><b>Proba extraordinaria para BAC</b></p>	<p>Consistente en:</p> <p>2º Bach: Proba ABAU</p>

<b>Alumnado de materia pendiente</b>	<p>Cálculo para obter a cualificación final de materia pendente:</p> <p>Nota da 1ª avaliación: 60% da proba + 40% do caderno de actividades.  Nota da 2ª avaliación: 60% da proba +40% do caderno de actividades.</p> <p><b>Nota final= <math>\frac{\text{Nota da 1ª av} + \text{Nota da 2ª av}}{2}</math></b></p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>As probas e as actividades propostas estarán baseadas nos contidos mínimos establecidos na Programación didáctica.</p>
<p><b>2. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 2º BAC (Preparación probas extraordinarias e avaliación de acceso á universidade)</b></p>	
<b>Metodoloxía</b>	<p>No caso de que o alumnado non obteña o aprobado na convocatoria final ordinaria presentarse á <b>Proba final extraordinaria</b> que terá lugar ente os días 21 e 22 de xuño e que consistirá nunha <b>Proba ABAU</b>. O alumnado aprobará na convocatoria extraordinaria se acada un <b>5</b> no exame.</p> <p>Revisaranse os contidos e destrezas requeridas nas probas ABAU.</p>
<b>Actividades tipo</b>	Comprensión escrita, gramática, léxico, produción escrita (resumo, redacción, descripción)
<b>Materiais e recursos</b>	Probas ABAU

## **9. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.**

Nas reunións de departamento establecidas os profesores da materia analizarán con detalle os desaxustes, en caso de se produciren, da programación e procederán á súa corrección. Unha programación debe ser suficientemente flexible para adaptarse á realidade das aulas e deberá ser modificada se o desenvolvemento do curso así o precisa.

Farase un estudo estadístico dos resultados académicos nos diferentes niveis e acordaranse as medidas correctoras necesarias sobre todo se o índice de suspensos supera o 25 %, xa que un índice elevado de aprobados significará necesariamente unha boa adecuación da programación á realidade das aulas. Os aspectos básicos sometidos a avaliación serán:

- As aprendizaxes logradas polo alumnado.
  
- As medidas de individualización da ensinanza con especial atención ás medidas de apoio e reforzo utilizadas.
  
- A programación e o seu desenvolvemento e, en particular, as estratexias de ensinanza, os procedementos de avaliación do alumnado, a organización da aula e o aproveitamento dos recursos do centro.
  
- A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado con altas capacidades intelectuais e con necesidades educativas especiais.
  
- A relación co alumnado, así como o clima de convivencia.
  
- A coordinación co resto de profesores de cada grupo e no seo do departamento.

- As relacións co titor ou a titora e, no seu caso, coas familias.

## **10. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes. Procedemento de certificación de nivel de Francés I para o acceso a Francés II. Plan de seguimento do alumnado repetidor.**

Os alumnos que teñan a materia de francés pendente farán dous exames adaptados aos EA mínimos establecidos nesta programación. A nota de cada avaliación de pendentes computará do seguinte modo: ata 6 puntos a proba escrita e ata 4 puntos a realización das follas de exercicios elaboradas polo departamento. Estes exercicios valoraranse sempre que sexan correctamente realizados e entregados polo alumno **nas datas sinaladas polo Departamento** ao longo do curso.

Fará falta unha nota media de 5 para aprobar a materia. A proba conterá tarefas e actividades previamente traballadas no caderno. Este caderno, una vez entregado nas datas acordadas, será corrixido e comentado pola xefa de departamento antes da proba, de tal xeito que o alumnado poida aprender dos erros, se os houbera, e estar en condicións de aprobar o exame.

O alumnado que non acade un promedio de 5 (exame máis caderno de exercicios) en cada avaliación de pendentes terá **un examen final** de toda a materia cos EA mínimos establecidos. A data exacta será indicada no calendario establecido pola Dirección do Centro.

O caderno de exercicios e as probas de avaliación de pendentes estarán baseadas no libro de texto de 1º Bac SODA 1 e esta será a súa distribución:

## 1º BAC. Francés pendiente (SODA 1, ed. Anaya)

1ª avaliación: Unidades 0, 1, 2 e 3

### Unidade 0: Contact

**Obxectivos comunicativos:** saudar, presentarse, despedirse, contar, deletrear

**Léxico:** o abecedario, os números, as nacionalidades

**Gramática-conxugación:** os pronomes personais suxeito “*je, tu, vous*”, o presente do indicativo, os verbos pronominais (chámome, iso deletrease...), a negación (*ne...*), o feminino dos xentilicios, a forma interrogativa.

**Cultura e civilización:** personaxes franceses coñecidos, Francia e outros países francófonos.

**Fonética:** os sons [r], [u], [y], [wa], a entonación, a ligadura na conxugación pronominal.

### Unidade 1: Vis ta vie!

**Obxectivos comunicativos:** describir unha persoa, falar da súa personalidade a de súa aparencia física, describir os seus intereses, pedir algunhas informacións sobre unha persoa.

**Léxico:** a aparencia física, a personalidade, os intereses.

**Gramática-conxugación:** os pronomes suxeito, os pronomes tónicos, o xénero dos adxectivos, o plural dos nomes e dos adxectivos, os artigos definidos e indefinidos, os artigos «contraídos», os adxectivos posesivos.

**Cultura e civilización:** os xóvenes franceses e Internet.

**Fonética:** [s] / [z], [e] / [ə] (les/le), as vocais nasais.

### Unidade 2: Mon coin du monde

**Obxectivos comunicativos:** describir un lugar, mostrar empresas actuais, describir lugares favoritos.

**Léxico:** o municipio, as empresas, as actividades na cidade, as dependencias dunha casa, os medios de transporte.

**Gramática-conxugación:** o presente de *pouvoir*, o *passé composé* co auxiliar *avoir*, os adxectivos demostrativos, as preposicións de lugar.

**Cultura e civilización:** Unha estancia lingüística nunha cidade francófona (París, Montreal, Bruselas).

**Fonética:** [e] / [ɛ] / [ə], [ɔ]

### Unidade 3: Alors on sort?

**Obxectivos comunicativos:** invitar a alguén a facer algo, aceptar ou rexeitar unha invitación, dar algunhas instrucións.

**Léxico:** as chamadas telefónicas, as invitacións, o SMS e as redes sociais, a localización e a orientación, as saídas.

**Gramática-conxugación:** a frase interrogativa (repaso), a negación (*ne...plus*, *ne...jamais*), o imperativo, o *passé composé* co auxiliar *être*, as preposicións de lugar (2).

**Cultura e civilización:** carnavais e festivais en Europa.

**Fonética:** [ə] / [e], [z] / [s], [y] / [u], [j] / [ʒ], a entonación e a frase interrogativa.

2ª avaliación: unidades 4, 5, 6 e 7.

### Unidade 4: Génération conso'

**Obxectivos comunicativos:** expresar un desexo, expresar comparacións, vantaxes e desvantaxes), falar das compras e da moda, facer a compra.

**Léxico:** a roupa, a moda, a compra por Internet, os gadgets.

**Gramática-conxugación:** o condicional simple, o *futur proche*, o verbo *plaire*, os pronomes demostrativos, o comparativo, os cuantificadores, o pretérito imperfecto.

**Cultura e civilización:** o documental *Logorama*

**Fonética:** a pronunciación de *plus* [ply] / [plys], as nasais [ɔ̃] [ã], a coordinación verbo + verbo.

### Unidade 5: En forme?

**Obxectivos comunicativos:** describir intereses, dar e recibir consellos, expresar opinións, explicar cómo estar en boas condicións, describir hábitos.

**Léxico:** os deportes, a saúde, os alimentos, as actividades cotiás.

**Gramática-conxugación:** o imperativo negativo, os pronomes complemento, os artigos partitivos, a formación dos adverbios acabados en *-ment*, o pronome *en*, o «pasado reciente».

**Cultura e civilización:** os deportes preferidos dos franceses.

**Fonética:** [v] / [f] / [b], a *e* muda, as letras que non se pronuncian.

## Unidade 6: Globe-trotters?

**Obxectivos comunicativos:** falar de proxectos para o verán, facer algunhas reservas, comprar billetes, informar sobre unha rexión, un hotel, os horarios.

**Léxico:** os tipos de vacacións, o país, as zonas xeográficas, as informacións turísticas.

**Gramática-conxugación:** o futuro simple, o pronome *y*, os pronomes relativos *qui*, *que*, *où*, el superlativo.

**Cultura e civilización:** os grandes aventureiros franceses.

**Fonética:** [ə] / [œ], [Ø] / [œ], [r], [f] = f, ff, ph

**Procedemento para certificar o Francés I de 1º de bacharelato, sen ter cursada a materia no curso anterior, co fin de acceder a 2º Bac :** Seguindo o Decreto de xullo de 2016 no que a Consellería de Educación dicta normas sobre as probas de acreditación que deberán realizar os alumnos no caso de optar a unha materia en 2º Bac non cursada previamente en 1º Bac, o Departamento de Francés establece unha proba de acreditación que consistirá nun **DELFB1 (25% CO, 25% CE, 25% PE e 25% PO)**.

**Plan de reforzo do alumnado repetidor:** o alumnado que se atope nesta situación será obxecto dun seguimento específico una vez se obteña información razoada sobre as circunstancias que provocaron esa repetición a través dunha entrevista persoal e/ou co departamento de orientación, titor, profesorado, etc.

Como a casuística é variada, o profesor adoptará as medidas de **reforzo** necesarias para que o alumnado siga con normalidade a programación ou amplíe coñecementos a

través de actividades de **ampliación** se se tratara dun alumno que, pese a repetir, ten superada a materia de francés no ano anterior.

## **11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.**

Nos primeiros días de curso farase unha revisión dos estándares correspondentes ao nivel B1 básico do MCER e detectaranse as carencias do alumnado que escolle voluntariamente esta materia e que, en caso de non ter os suficientes coñecementos para afrontar o nivel requerido, deberá decidir se a opción dunha Segunda Lingua é a máis axeitada.

Se, aínda así, persiste na súa elección o profesor artellará medidas de reforzo dende o comezo (fichas de repaso, exercicios de nivel inferior, lecturas de apoio....) para intentar que o alumno acade os seus obxectivos.

## **12. Medidas de atención á diversidade**

Ante as diferenzas no proceso de aprendizaxe que se dan entre os 30 alumnos dunha clase o ideal sería artellar desdobres que permitiran unha atención de maior calidade. Como esa opción resulta inviable, o recurso de aproveitar mesmo os recreos para complementar e reforzar o traballo con alumnos con dificultades ou con altas capacidades que sobresaen da media da aula ven sendo, xunto con fichas de reforzo ou libros voluntarios, a maneira que ten o profesorado de intentar cubrir as diferentes necesidades do alumnado.

Estas medidas poderán ser organizativas, e serán as administracións educativas as que as artellarán, ou curriculares. Neste sentido teremos en conta o artigo 26.6 da lei orgánica 2/2006 onde se regulan as medidas de flexibilidade e alternativas metodolóxicas para alumnado con discapacidade.

No caso do Departamento de Francés se algún alumno tivera algunha discapacidade

que afectara á expresión oral, por exemplo, habería que adaptar os estándares de aprendizaxe ás súas características sen que iso fora en perxuizo da cualificación final.

Os estudantes manifestan unha gran diversidade de intereses, motivacións, capacidades e estilos de aprendizaxe. Hai estudantes reflexivos (detéñense na análise dun problema) e estudantes impulsivos (responden moi rapidamente); estudantes analíticos (pasan lentamente das partes ao todo) e estudantes sintéticos (abordan o tema desde a globalidade); uns traballan durante períodos longos e outros necesitan descansos; algúns necesitan un reforzo continuo e outros non; hai os que prefiren traballar sós e os hai que prefiren traballar en pequeno ou gran grupo.

O Departamento de Francés ten en conta esa diversidade expoñendo a información de diferentes formas, utilizando os recursos que se ofrecen na rede e ofrecendo unha gran tipoloxía de actividades.

Ademais, propóñense as seguintes medidas para dar resposta á diversidade:

- Detectar as ideas previas mediante, por exemplo, diálogos na aula ou debates, que permitirán que o docente coñeza aos estudantes e eles, a si mesmos.
- Repasar as nocións estudadas con regularidade e resolver os problemas detectados, seguindo a metodoloxía en espiral.
- Realizar numerosas e diversas actividades que combinen as resolucións individuais e en pequeno e gran grupo, e a oralidade e o escrito.
- Utilizar recursos gráficos, dixitais, visionado de películas, etc.
- Usar o resumo da unidade como unha forma de autoavaliación.

### **13. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso.**

O artigo 4 do decreto 86/2015 establece que todas as disciplinas deben traballar conxuntamente os elementos transversais seguintes que o noso Departamento traballa constantemente e asume na súa integridade:

1. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

2. A consellería con competencias en materia de educación fomentará o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención dviolencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia. A programación docente debe abranguer en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

3. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

4. No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de

peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

Todos estes elementos transversais serán traballados constantemente na aula pero sobre todo nos **Jeux de rôle** e nas **Simulations** que permiten crear situacións de realidade onde o alumnado expresa a súa personalidade e, polo tanto, pon de relevo os prexuízos sociais que deben ser cuestionados constantemente sen acritude pero con firmeza.

Tamén as cancións e os documentos auténticos da prensa escrita e da televisión permiten un debate sobre estes elementos transversais que a Lomce especifica.

#### **14. Actividades complementarias e extraescolares.**

Disporemos de auxiliar de conversa que traballará sobre todo cos Bacharelatos e grupos de 4ºESO, pero tamén colaborará no resto de grupos e na extensión do CGTD se o horario o permite.

O alumnado de 2º Bac realizará Promenades dans la ville co auxiliar de conversa co obxectivo de contar en francés os seus lugares preferidos da cidade e compartir co auxiliar a historia e a arquitectura da cidade.

Entre o 9 e o 14 de decembro terá lugar una viaxe de estudos co alumnado de 2º Bach a París e Estrasburgo onde asistiremos a unha sesión plenaria.

Realizaranse saídas ás exposicións, representacións de teatro ou proxeccións de películas relacionadas con Francia, os países francófonos ou a lingua francesa que teñan lugar na nosa cidade ou perto dela, cando o Departamento considere que as actividades sexan interesantes para os nosos alumnos e supoñan un enriquecemento no coñecemento da lingua ou da cultura e civilización francesas.

#### **15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das**

## **programación didáctica en relación con resultados académicos e procesos de mellora.**

Nas reunións de Departamento establecidas os profesores da materia analizarán con detalle os desaxustes, en caso de se produciren, da programación e procederán á súa corrección. Unha programación debe ser suficientemente flexible para adaptarse á realidade das aulas.

Farase un estudo estadístico dos resultados académicos nos diferentes niveis e acordaranse as medidas correctoras necesarias sobre todo se o índice de suspensos supera o 25 %, xa que un índice levado de aprobados significará necesariamente unha boa adecuación da programación á realidade das aulas. Os aspectos básicos sometidos a avaliación serán :

- As aprendizaxes logradas polo alumnado.
  
- As medidas de individualización da ensinanza con especial atención ás medidas de apoio e reforzo utilizadas.
  
- A programación e o seu desenvolvemento e, en particular, as estratexias de ensinanza, os procedementos de avaliación do alumnado, a organización da aula e o aproveitamento dos recursos do centro.
  
- A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado con altas capacidades intelectuais e con necesidades educativas especiais.
  
- A relación co alumnado, así como o clima de convivencia.
  
- A coordinación co resto de profesores de cada grupo e no seo do departamento.
  
- As relacións co titor ou a titora e, no seu caso, coas familias.

Estes aspectos serán avaliados a través dunha rúbrica establecida pola Inspección educativa que forma parte da Memoria final do Departamento.

**Pontevedra, 7 de setembro de 2022**

**Asinado:**

**Mar Villaverde**

**Marta Basante**

**María Conde**